



# GUIA DE MOBILIDADE

PARA TRABALLAR E FORMARSE NO ESTRANXEIRO  
CONCELLO DE RIANXO



# GUIA DE MOBILIDADE

PARA TRABALLAR E FORMARSE NO ESTRANXEIRO

CONCELLO DE RIANXO

*Guía de Mobilidade do Concello de Rianxo 2021*

Autor:

Marcos Alejandro Muíños  
Orientador laboral do  
Concello de Rianxo

Revisión lingüística:

SNL do Concello de Rianxo

Deseño e diagramación:

Sacauntos Cooperativa Gráfica  
[www.sacauntos.com](http://www.sacauntos.com)

Edita: Concello de Rianxo, Sacauntos

Impreso na Galiza

DL: C 253-2021


ISBN: 978-84-123275-1-9



# ÍNDICE

<b>1. A MOBILIDADE.....</b>	<b>4</b>
1.1. Consideracións a ter en conta antes de buscar oportunidades no estranxeiro.....	5
<b>2. FERRAMENTAS E LUGARES DE INFORMACIÓN SOBRE A MOBILIDADE.....</b>	<b>7</b>
2.1. Servizos europeos.....	7
2.2. Servizos estatais.....	9
2.3. Servizos da Xunta de Galicia e das universidades galegas.....	10
2.4. Outros.....	12
<b>3. ESTUDAR NO ESTRANXEIRO.....</b>	<b>14</b>
3.1. Oportunidades na etapa universitaria.....	14
3.2. Oportunidades na formación profesional.....	19
3.3. Outros programas de axudas para estudar no estranxeiro en diferentes etapas educativas.....	20
3.4. Estudar idiomas no estranxeiro.....	20
<b>4. PRÁCTICAS EN EMPRESA NO ESTRANXEIRO.....</b>	<b>22</b>
4.1. Erasmus+.....	22
4.2. Galeuropa.....	23
4.3. Fundación Galicia Europa.....	25
4.4. Programa Argo.....	26
4.5. Eurodisea.....	27
4.6. Outras.....	27
<b>5. OPORTUNIDADES DE EMPREGO NO ESTRANXEIRO.....</b>	<b>28</b>
5.1. Portais e buscadores de ofertas de emprego no estranxeiro.....	29
5.2. Bolsas de emprego no estranxeiro.....	30
5.3. Traballar na UE e noutros organismos internacionais.....	31
5.4. Traballos temporais e estacionais no estranxeiro.....	32
<b>6. OPORTUNIDADES PARA PERSOAS EMPRENDEDORAS.....</b>	<b>40</b>
<b>7. A INVESTIGACIÓN NO ESTRANXEIRO.....</b>	<b>42</b>
7.1. Euraxess.....	42
7.2. Accións Marie Skłodowska-Curie (Bolsas Marie Curie).....	43
7.3. Outras.....	43
<b>8. VOLUNTARIADO EN EUROPA E OUTROS LUGARES.....</b>	<b>45</b>
8.1. Corpo Europeo de Solidariedade.....	45
8.2. Servizo de Voluntariado Europeo.....	46
8.3. Outras.....	47
<b>9. OUTRAS OPORTUNIDADES NO ESTRANXEIRO: WORKAWAY, WOOFING, HELPX.....</b>	<b>49</b>
9.1. Workaway.....	49
9.2. Woofing.....	50
9.3. Helpx.....	50
<b>10. BIBLIOGRAFÍA.....</b>	<b>51</b>

# 1. A MOBILIDADE



A mobilidade implica traballar, estudar, facer prácticas en empresas, facer voluntariados... e vivir noutro lugar diferente ao noso. É unha opción que se está xeneralizando neste mundo cada vez máis global, xa sexa como unha experiencia temporal ou para quedarse. En Europa, a mobilidade facilita a libre circulación de persoas entre os países do Espazo Económico Europeo, que é un dereito fundamental que lle permite á cidadanía traballar e establecerse libremente en calquera país membro sen necesidade de autorización de traballo e que garante a igualdade en materia de dereitos coas persoas nacionais do dito país (*Directiva 2014/54/UE do Parlamento Europeo e do Consello: medidas á libre circulación de traballadores da UE*).

Traballar ou formarse no estranxeiro durante algún tempo pode incrementar a nosa capacitación a nivel persoal e laboral, xa que vivir unha experiencia fóra do noso país permitíranos aprender un idioma e coñecer outras culturas e formas de vida ao mesmo tempo que adquirimos coñecementos e/ou melloramos o noso desempeño en unha ou en varias especialidades.

Desta maneira, unha experiencia deste tipo axudará a mellorar as nosas competencias laborais e fará o noso perfil máis apetecible para as empresas e outras entidades; pero non só pola titulación ou experiencia laboral que academos, senón que tamén por outras habilidades transversais que se desenvolven nunha estancia no estranxeiro, tales coma:

- Capacidade de adaptación: vivir noutro país implica adaptarse á súa cultura, costumes e idioma.
- Flexibilidade e capacidade de traballo fóra da zona de confort: en relación co anterior, vivir noutro país con outro idioma e costumes diferentes aos nosos, obrigaranos a afrontar situacións ás que non estamos habituas/os e que teremos que superar.

- **Independencia:** non quedará máis remedio que aprender a non depender doutras persoas para realizar todas as tarefas da vida diaria.
- **Interculturalidade, respecto, empatía, entender outros puntos de vista:** noutro país coñeceremos xente moi diferente a nós que nos pode achegar puntos de vista diferentes sobre as cousas, outras opinións, outros gustos, outras posibilidades e outras solucións. Así, poderemos desenvolver unha visión moito máis ampla sobre calquera tema.
- **Capacidade de traballo en equipo:** ligado ao punto anterior, respectar e entender outros puntos de vista axudaranos a traballar mellor en equipo.
- **Capacidade de aprendizaxe:** nun lugar diferente, aprenderemos moito e rápido para adaptarnos á contorna.
- **Autocoñecemento e crecemento persoal:** permitíranos analizar as nosas capacidades, saber ata onde podemos chegar e, probablemente, aumentar a confianza en nós mesmos/as vendo que somos capaces de moito máis do que pensamos.
- **Idiomas:** a estancia no estranxeiro implica o coñecemento dun idioma. Os máis valorados polas empresas nas ofertas de emprego, segundo a *XXI edición do Informe Infoempleo Adecco*, son o inglés (o 93% das ofertas), o alemán (7%) e o francés (7%).

<https://www.infoempleo.com/informe-infoempleo-adecco/>

Todas estas competencias que a mobilidade pode achegar son moi valoradas polas empresas e son máis complicadas de adquirir se non se vive unha experiencia fóra do país de residencia. Ademais, hoxe en día, case calquera entidade ten algún tipo de contacto co

exterior, co que persoas traballadoras capaces de relacionarse con xente doutros lugares serán necesarias para calquera organización.

Desta maneira, a mobilidade servirá para que o noso currículo destaque entre os demais, para que sexa diferente e que achegue calidades que outras candidaturas non teñan, polo que mellorará a nosa empregabilidade e as nosas posibilidades de promoción, tanto no noso propio país coma en calquera outro.

## 1.1. CONSIDERACIÓNS A TER EN CONTA ANTES DE BUSCAR OPORTUNIDADES NO ESTRANXEIRO

No caso de que a opción de mobilidade escollida sexa a un país estranxeiro, debemos ter en conta certas cousas antes de emprender a aventura:

- Realizar o currículo Europass, no caso de estar buscando oportunidades de emprego, formación, prácticas en empresa e incluso voluntariados en Europa. O currículo Europass é un modelo estandarizado de curriculum vitae válido para todos os estados membros da Unión Europea, para os países candidatos e para os que integran o Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein, Noruega e Suíza). Serve para presentar de forma sinxela e comprensible as nosas competencias, habilidades e cualificacións. Numerosas empresas solicitan expresamente nas súas ofertas de emprego a presentación do currículo europeo e utilizan ferramentas coma EURES, que é o Portal Europeo da Mobilidade Profesional da Comisión Europea.

Neste portal podemos realizar o CV europeo en liña e/ou descargar o modelo.

- Coñecer o idioma do lugar ao que imos, ou polo menos ter unhas noções básicas para poder comunicarnos, aínda que nalgúns lugares o inglés pode servir coma idioma xeral de comunicación.
- Obter a Tarxeta Sanitaria Europea, no caso de desprazarnos a lugares da UE.
- Asegurarse de que temos as titulacións debidamente validadas para outros lugares, no caso de que a mobilidade elixida requira titulación.
- Ter consciencia de que se vai a outro lugar distinto ao que estamos acostumados/as, onde pode que haxa outra cultura e outra forma de ver e facer as cousas, polo que ter coñecementos previos sobre isto será de gran axuda. É recomendable pois, buscar información acerca do lugar ao que imos, coñecer un pouco a historia, costumes, poboación, servizos... incluso o clima. Na rede atoparemos moitas páxinas web con información sobre calquera lugar ao que queiramos ir, tales coma <https://trabajarporelmundo.org/> ou <https://mevoyalmundo.com/>
- Ligado ao anterior, ser conscientes de que pode que precisemos un tempo de adaptación unha vez cheguemos ao destino elixido.

## 2. FERRAMENTAS E LUGARES DE INFORMACIÓN SOBRE A MOBILIDADE



Existen numerosos recursos nos que podemos obter todo tipo de información respecto da mobilidade. A gran maioría podemos atopalos na rede, pero tamén existen moitos lugares aos que acudir fisicamente para obter o servizo ou a asistencia que precisamos.

### 2.1. SERVIZOS EUROPEOS

#### 2.1.1. REDE EURES

Trátase dunha rede de cooperación creada para facilitar a libre circulación de traballadoras/es dentro dos 28 estados membros da UE, Suíza, Islandia, Liechtenstein e Noruega. É o portal europeo da mobilidade profesional, onde se pode crear unha conta, ver ofertas de emprego para Europa, redactar un currículo... O obxectivo principal da rede é prestar servizos a traballadoras/es, empresarios/as e calquera cidadán ou cidadá que desexe beneficiarse da libre circulación de persoas. As súas funcións básicas son as seguintes:

- Relacionar as ofertas de emprego cos currículos no portal EURES.
- Información, orientación e outros servizos de apoio a persoas traballadoras e empresas.
- Acceso a información sobre as condicións de vida e de traballo nos estados membros da UE, como a fiscalidade, as pensións, o seguro de enfermidade e a seguridade social.
- Servizos específicos de apoio ás persoas traballadoras fronteirizas e ás empresas nas rexións transfronteirizas.

- Apoio a grupos específicos no contexto de programas de mobilidade profesional específicos de EURES, como «Tu primer trabajo EURES» e «Reactive».
- Drop'pin@EURES é un espazo dentro do portal no que as empresas e organizacións poden promover e publicar as súas oportunidades para a xuventude europea, concibidas para apoiar a mocidade nos seus primeiros pasos no mercado laboral.
- Apoio a acontecementos dinámicos de contratación a través da plataforma (en liña) de Xornadas Europeas do Emprego.
- Información e acceso á asistencia posterior á contratación, coma a formación lingüística e o apoio á integración no país de destino.

Dentro da Rede EURES hai distintas posibilidades de financiamento para diferentes situacións, programas que se expoñerán máis adiante nesta guía.

Web: <https://ec.europa.eu/eures/public/es/homepage>

### 2.1.2. PORTAL EUROPEO DA XUVENTUDE

Portal que ofrece todo tipo de oportunidades para mozos e mozas de Europa, entre elas, de emprego, voluntariado e aprendizaxe, ademais dos posibles apoios que se poden recibir. Neste portal clasifícase a información por temas, tales coma posibilidades de formación, emprego, cultura, voluntariado, saúde, inclusión social, etc. Entrando en cada un destes apartados, temos variada información e consellos sobre cada un dos temas e sobre todas as oportunidades existentes para mozos e mozas en Europa.

Toda esta información ofrécese tanto a escala europea coma por países, polo que podemos analizar ofertas, novas, oportunidades... do país concreto no que temos interese. Tamén se pode elixir o idioma de información e navegación entre as 28 linguas dispoñibles no portal.

Web: [https://europa.eu/youth/EU\\_es](https://europa.eu/youth/EU_es)

### 2.1.3. EUROPE DIRECT A CORUÑA

É un centro oficial de información da Comisión Europea pertencente á Deputación da Coruña. Ten oficina na cidade da Coruña e atención ao público en horario de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres. Na súa páxina web está toda a información sobre a súa actividade e todo tipo de respostas en relación á Unión Europea: axudas, bolsas, novas, boletíns, emprego....

Deputación Provincial da Coruña. Avenida do Porto da Coruña, nº 2.

15003, A Coruña

Tel.: 981 080 331

Enderezo electrónico: [europedirect@dacoruna.gal](mailto:europedirect@dacoruna.gal)

Web: <https://www.dacoruna.gal/europedirect/>

### 2.1.4. EPSO (EUROPEAN PERSONNEL SELECTION OFFICE)

É a oficina encargada da selección de persoal funcionario para as diferentes institucións e organismos da Unión Europea. Na súa web pódese atopar información sobre convocatorias para cubrir postos de traballo e de prácticas, axuda para diversos temas, exemplos de probas de selección, etc.

Web: [https://epso.europa.eu/home\\_es](https://epso.europa.eu/home_es)

### 2.1.5. EURAXESS

É o portal europeo para as persoas que se dedican á investigación. Ofrece servizos de información e apoio a persoas investiga-



doras profesionais e, amparado pola Unión Europea, os estados membros e os países asociados, apoia a mobilidade dos/as investigadores/as e o seu desenvolvemento profesional ao mesmo tempo que mellora a colaboración científica entre Europa e o mundo. Entre outros, neste portal podemos atopar:

- Asesoramento en materia de mobilidade investigadora (trámites administrativos e requisitos legais).
- Publicación de ofertas de emprego I+D+I.
- Recomendacións da Comisión Europea para a atracción de talento investigador.
- Conexión da comunidade investigadora europea a nivel mundial, acceso a foros, BBDD, boletíns informativos, alertas de correo, etc.

Web: <https://euraxess.ec.europa.eu/>

### 2.1.6. SERVIZO DE VOLUNTARIADO EUROPEO (SVE)

Desde o Servizo de Voluntario Europeo pódese obter información sobre o seu programa de voluntariado internacional, que é financiado pola Comisión Europea. Permite a mozas e mozos legalmente residentes en Europa, de entre 17 e 30 anos, realizar un servizo voluntario internacional nunha organización ou nun organismo público en Europa, África, Asia ou América do Sur por un período de 2 a 12 meses.

Web: <https://serviciovoluntarioeuropeo.org/>

## 2.2. SERVIZOS ESTATAIS

### 2.2.1. SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO ESTATAL (SEPE)

Tanto nas oficinas de emprego coma na web do servizo público de emprego podemos obter información e ver ofertas de traballo de diversos tipos e para todos os lugares e, por suposto, tamén para o estranxeiro. No enlace seguinte, dentro da mesma web, pódese ver todo tipo de información e recomendacións relacionadas coas ofertas de emprego, proxectos e información dos diferentes países europeos, así coma información do portal europeo da mobilidade laboral de EURES; incluso se pode filtrar esta información por país:

[https://www.sepe.es/contenidos/personas/encontrar\\_empleo/ofertas\\_empleo.html](https://www.sepe.es/contenidos/personas/encontrar_empleo/ofertas_empleo.html)

Web do SEPE: <https://www.sepe.es/>

### 2.2.2. MINISTERIO DE EDUCACIÓN E FORMACIÓN PROFESIONAL

Desde o Ministerio existen programas e bolsas de axudas para a mobilidade de estudantes e de titulados, para formación e prácticas no estranxeiro. Na súa páxina web podemos atopar toda a información.

Web: <http://www.mecd.gob.es>

### 2.2.3. MINISTERIO DE ASUNTOS EXTERIORES, UE E COOPERACIÓN

Presenta na súa páxina web unha listaxe de todas as empresas españolas que teñen representación noutros países. Ademais, ofrece información sobre o mercado laboral de cada país e enumera ofertas de traballo e bolsas.

Web: <http://www.exteriores.gob.es/Portal/es/ServiciosAlCiudadano/OportunidadesProfesionalesFormacion/Paginas/Inicio.aspx>

## 2.2.4. AXENCIA ESPAÑOLA DE COOPERACIÓN INTERNACIONAL

Recomendada polo Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación. Ofrece información moi concreta sobre bolsas e lectorados no estranxeiro.

Web: <http://www.aecid.es/ES>

## 2.3. SERVIZOS DA XUNTA DE GALICIA E DAS UNIVERSIDADES GALEGAS

### 2.3.1. FUNDACIÓN GALICIA EUROPA

Esta entidade nace en 1988 coa misión de manter unha oficina galega en Bruxelas e promover o achegamento entre Galicia e Europa. Vinculada coa Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE da Xunta de Galicia, conta con dúas oficinas, unha en Santiago de Compostela e outra en Bruxelas e, baixo mandato da Xunta de Galicia, exerce a representación autonómica galega ante as institucións e órganos da Unión Europea. Entre outras moitas cousas, tamén proporciona bolsas e axudas para persoas tituladas en educación superior, para formarse ou traballar en diversos organismos da Unión Europea.

Santiago de Compostela:

Rúa do Hórreo 61. 15701, Santiago de Compostela

Tel: +34 981 541 012

Enderezo electrónico: [santiago@fundaciongaliciaeuropa.eu](mailto:santiago@fundaciongaliciaeuropa.eu)

Bruxelas:

Rue de la Loi, 38 2°, 1040 Bruxelles

Tel: +32 2 7355440

Enderezo electrónico: [bruxelas@fundaciongaliciaeuropa.eu](mailto:bruxelas@fundaciongaliciaeuropa.eu)

Web: <http://www.fundaciongaliciaeuropa.eu/>

## 2.3.2. DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E VOLUNTARIADO

Pertence á Consellería de Política Social da Xunta e Galicia. No seu portal web **xuventude.net** podemos atopar todo tipo de información de interese para a xuventude, entre a que tamén están os programas de mobilidade e oportunidades de emprego e formación. Destacan o programa de mobilidade transnacional Galeuropa e o programa Erasmus+, ademais doutros accesos e información sobre voluntariados e todo tipo de servizos orientados á mocidade galega. Pódese contactar a través do teléfono, correo electrónico e a web, ademais de enviando unha mensaxe a través da páxina de contacto ou no enderezo postal exposto a continuación:

Edificio de Traballo, 3ª andar, San Lázaro. 15707, Santiago de Compostela

Teléfono xove: 012

Web: <http://www.xuventude.net>

### 2.3.3. VOLUNTARIADO GALEGO

Dependente da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia. No seu portal web ten información de todo tipo relacionada co voluntariado a nivel galego. Podemos acceder a novas sobre voluntariado, cursos de formación, axudas, asesoramento, contactos, entidades con actividades de voluntariado, lexislación, plans e programas de voluntariado, ligazóns... Pódense atopar tamén voluntariados e intercambios co estranxeiro.

Servizo de Voluntariado e Participación

Edificio de Traballo, 3ª andar, San Lázaro. 15707, Santiago de Compostela

Enderezo electrónico: [voluntariado@xunta.es](mailto:voluntariado@xunta.es)

Tel.: 981 957 915 / 981 957 269/ 981 957 363

Web: [www.voluntariadogalego.org](http://www.voluntariadogalego.org)

### 2.3.4. ÁREA DE ORIENTACIÓN LABORAL DA USC

Pertence á Vicerreitoría de Comunicación, Cultura e Servizos da Universidade de Santiago de Compostela. Dirixida a estudantes da universidade, ofrece os seguintes servizos:

- Orientación e asesoramento para a planificación do proxecto profesional.
- Formación para a empregabilidade: actividades formativas en habilidades e técnicas para a busca de emprego.
- Prácticas profesionais e emprego: información de programas de prácticas nacionais e internacionais. Difusión de ofertas de traballo. Presentacións de empresas.
- Información e recursos de interese para a busca de emprego e o desenvolvemento profesional (ferramentas para a busca de emprego, boletíns e portais de emprego, traballo no estranxeiro, recursos 2.0...).

Campus de Santiago de Compostela:

Casa Jimena e Elisa Fdez. de la Vega  
Vicerreitoría de Comunicación, Cultura e Servizos.  
Rúa das Casas Reais, nº 8. 15782, Santiago de Compostela.  
Teléfonos: 881 812 850/881 812 851  
Enderezos electrónicos: [orientacion.laboral.usc@usc.es](mailto:orientacion.laboral.usc@usc.es);  
[saeelabo@usc.es](mailto:saeelabo@usc.es)

Campus de Lugo:

Edificio Biblioteca Intercentros, Campus Universitario. 27002, Lugo  
Teléfono: 982 823 562  
Enderezo electrónico: [emprego.lugo@usc.es](mailto:emprego.lugo@usc.es)

Web: <http://www.usc.es/gl/servizos/saee/aol/>

Páxina de Facebook: Área de Orientación Laboral USC

### 2.3.5. PORTAL INTERNACIONAL DA USC

Neste portal temos información sobre os convenios bilaterais con outras universidades, sobre as posibilidades de mobilidade e de cooperación internacional.

Campus de Santiago de Compostela:

Colexio de Fonseca, Rúa do Franco, s/n.  
15782, Santiago de Compostela  
Tel: 881 812 840 (xefatura de servizo)  
Enderezo electrónico: [international@usc.es](mailto:international@usc.es)

Campus de Lugo:

Edificio Intercentros s/n. Avda. Bernardino Pardo Ouro.  
27002, Lugo  
Tel: 982 823 569  
Enderezo electrónico: [international.lugo@usc.es](mailto:international.lugo@usc.es)

Web: <http://www.usc.es/es/perfis/internacional/>

### 2.3.6. ÁREA DE EMPREGO E EMPRENDEMENTO DA UNIVERSIDADE DE VIGO

Servizo similar ao de orientación laboral da USC. Neste caso ten especial relevancia o Eures Transfronteirizo Galiza–Norte de Portugal, que ten como obxectivo informar e facilitar a mobilidade entre as dúas rexións.

Reitoría, Campus Universitario. 36310, Vigo

Tel: 986 812 000

Enderezo electrónico: [informacion@uvigo.es](mailto:informacion@uvigo.es)

Web: [https://areaemprego.uvigo.es/emprego\\_gl/index.html](https://areaemprego.uvigo.es/emprego_gl/index.html)

### 2.3.7. OFICINA DE RELACIONES INTERNACIONAIS (ORI) DA UNIVERSIDADE DE VIGO

Centraliza, coordina e xestiona as actividades de cooperación internacional no seo da Universidade de Vigo, e leva a cabo, entre outras, as seguintes actividades:

- Informa e asesora á comunidade universitaria sobre os diferentes programas internacionais no ámbito da educación superior.
- Fomenta e xestiona a mobilidade do alumnado e do profesorado propio e estranxeiro, en especial no marco dos programas Erasmus+, ISEP, Bolsas MAE e programas de cooperación da Universidade de Vigo.
- Proporciona asesoramento aos/ás candidatos/as seleccionados/as con estes programas sobre a documentación que deben presentar, e informa sobre a contía das bolsas e as posibles axudas complementarias, así como sobre as xestións que teñen que realizar coas universidades de destino.
- Elabora e negocia acordos de cooperación internacional, etc.

Oficina de Relacións Internacionais

Campus Universitario, Edificio Miralles. 36310, Vigo

Web: <http://internacional.uvigo.es>

### 2.3.8. OFICINA DE RELACIONES INTERNACIONAIS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Neste servizo atopamos información variada sobre a mobilidade para estudantes, coma novas, actualidade internacional, enlaces de interese, etc.

Campus da Coruña

Casa do Lagar. Campus de Elviña.

15071, A Coruña

Tel: 881 011 062

Enderezo electrónico: [vic@udc.gal](mailto:vic@udc.gal)

(Secretaría da Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación)

Campus de Ferrol

Edificio de Apoio ao Estudo. Campus de Esteiro.

15403, Ferrol

Tel: 981 337 427

Webs:

<http://international.udc.es/Contact/gl-ES>

[https://www.udc.es/gl/ori/inf\\_estudiantes\\_UDC/mobilidade\\_internacional/](https://www.udc.es/gl/ori/inf_estudiantes_UDC/mobilidade_internacional/)

## 2.4. OUTROS

### 2.4.1. TRABAJARPORELMUNDO.ORG

É un blog que contén todo tipo de servizos útiles para a busca de oportunidades no estranxeiro. Contén información xeral sobre posibles destinos en todos os continentes e guías sobre os costumes, lugares de interese, posibilidades de emprego, bolsas, formación e outros recursos de todos os países de Europa e practicamente do mundo. É moi útil para atoparmos emprego noutros lugares, xa que ademais de nos orientar sobre onde e como bus-

car ofertas, este blog tamén nos proporciona unha idea xeral do que nos podemos atopar no lugar de destino.

Web: <https://trabajarporelmundo.org/tag/blog/>

### 2.4.2. MEVOYALMUNDO.COM

Páxina web con información, artigos, novas... sobre oportunidades de emprego, formación, bolsas ou voluntariados, ademais doutras informacións relacionadas con diferentes continentes e países do mundo.

Web: <https://mevoyalmundo.com/>

### 2.4.3. TICKET2EUROPE

Entidade que busca e xestiona bolsas, prácticas, voluntariado, intercambios, concursos... ou a opción máis axeitada segundo as preferencias de cada persoa. Pretende axudar ás persoas a atopar o seu camiño, e para iso consultan as fontes necesarias e seleccionan as oportunidades máis interesantes para cada usuaria. Ticket2Europe ten dúas liñas de traballo: por un lado, a difusión de oportunidades a través da súa web e das redes sociais e por outro lado, xestiónanse proxectos educativos, formativos e sociais en distintos niveis (local, rexional, nacional e internacional).

Web: <http://ticket2europe.eu/>

### 2.4.4. AIESEC

Organización internacional de estudantes con máis de 50.000 membros, que ofrece e xestiona ofertas de prácticas en máis de 80 países. Inicialmente dirixíase principalmente a carreiras de economía e empresariais, pero hoxe en día a oferta é máis ampla. Divídese nos campos de xestión (management), técnico (technical) e desenvolvemento (development).

Web: <https://www.aiesec.org/>

### 2.4.5. DON BOSCO

Don Bosco é un centro xuvenil sito en Santiago de Compostela. Entre outras múltiples actividades, tamén se encarga do envío de mozas e mozos por toda Europa para realizar proxectos do servizo de voluntariado europeo.

Rúa de Belvís 2.

15703, Santiago de Compostela

Enderezo electrónico: [cxdonbosco@cxdonbosco.org](mailto:cxdonbosco@cxdonbosco.org)

Tel.: 981 582 243

Web: <http://www.cxdonbosco.org>

## 3. ESTUDAR NO ESTRANXEIRO



Na etapa de formación, desde a educación secundaria, existen oportunidades para ir a outros lugares para continuar ou rematar os estudos. As máis coñecidas son os programas Erasmus e a súa continuación Erasmus+, orientados ao estudantado universitario/as, pero tamén existen outros programas para a formación profesional e incluso para antes desta etapa. Unha experiencia fóra do país, sexa na etapa formativa ou na etapa laboral, pode resultar valiosa de cara ao futuro profesional e tamén coma enriquecemento persoal e, máis se cabe, nesta etapa formativa que adoita estar ligada a unha idade na que as persoas temos (en xeral) menos responsabilidades familiares e máis gana de coñecer cousas novas, de aprender e de alcanzar novas metas.

### 3.1. OPORTUNIDADES NA ETAPA UNIVERSITARIA

Quizais é nesta etapa na que existen máis oportunidades, axudas e programas de mobilidade para cursar estudos fóra do noso país. O máis coñecido é o programa Erasmus+, programa para a comunidade europea, pero hai máis opcións para a mobilidade a outras universidades, incluso dentro do propio país, coma o programa SICUE, ou para lugares fóra de Europa.

#### 3.1.1. ERASMUS/ERASMUS+

O antes coñecido coma Programa Erasmus continúa hoxe en día co nome de Erasmus Plus (Erasmus+). Este programa axuda a organizar intercambios de estudantes, incluso de doutorado, entre os países do programa e entre estes e os países asociados. Os países do programa poden participar en todas as accións de Erasmus+, e son os 28 países pertencentes á Unión Europea e mais outros países europeos non membros da UE (Macedonia do Norte, Islandia, Liechtenstein, Noruega, Serbia e Turquía). Os países asociados soamente poden participar nalgúns accións do pro-

grama e baixo determinadas condicións. Trátase dunha multitude de países do mundo, que se poden consultar no seguinte enlace:

[https://ec.europa.eu/programmes/erasmus-plus/about/who-can-take-part\\_es](https://ec.europa.eu/programmes/erasmus-plus/about/who-can-take-part_es)

#### REQUISITOS

- Ser estudante de grao, máster ou doutorado.
- Pódense realizar varios intercambios de Erasmus+, coma estudante ou en prácticas, pero o tempo total que se pase no estranxeiro (incluídos os períodos de estudo) non pode superar os 12 meses dentro dun ciclo de estudos.
- "Ciclo de estudos" refírese aos niveis de estudos definidos no Marco Europeo de Cualificacións (MEC):
  - 1º ciclo (grao ou equivalente) - 5/6
  - 2º ciclo (máster ou equivalente) - 7
  - 3º ciclo (doutorado ou equivalente) - 8
- Para cursos “dun ciclo, en medicina ou arquitectura por exemplo, pódese ir ao estranxeiro con Erasmus+ ata 24 meses.
- As/os estudantes de primeiro ciclo deben estar como mínimo no segundo ano de estudos.
- Nivel B1 de idioma estranxeiro.

#### CONTIDO DA AXUDA

Existe unha bolsa Erasmus+ que contribúe aos gastos de viaxe e estancia. A bolsa pode variar segundo as diferenzas de custo da vida entre os países de orixe e de destino, o número de estudan-

tes que a soliciten, a distancia entre os países e a dispoñibilidade doutras subvencións.

#### DURACIÓN

Entre 3 e 12 meses

#### COMO SOLICITALO

Pódese solicitar a través da oficina internacional de Erasmus+ ou da oficina Erasmus+ da institución educativa na que esteamos cursando o grao, máster ou doutoramento.

#### PRAZO

Normalmente convócase dentro dos 3 meses finais do ano e a convocatoria permanece aberta arredor de 1-2 meses.

Podemos obter máis información en <http://www.erasmusplus.gob.es/>

### 3.1.2. PROGRAMA SICUE

Aínda que o SICUE non está orientado á mobilidade fóra do país, cambiar de lugar de residencia e coñecer outras experiencias, xentes e lugares pode achegar un gran crecemento persoal e aumentar as nosas posibilidades no futuro profesional, laboral e social. Así, este programa de mobilidade, denominado Sistema de Intercambio entre Centros Universitarios Españois (SICUE), e ata 2014 apoiado polas bolsas Séneca, ten o obxecto de darlles ás universitarias e universitarios a posibilidade de cursar parte da súa carreira nunha universidade española distinta á súa e coa garantía de obter recoñecemento académico. O programa foi establecido polas universidades que forman a CRUE (Conferencia de Reitores das Universidades Españolas), que son 76 en toda España (50 públicas e 26 privadas).

As/os estudantes poden solicitar a mobilidade en función das prazas ofrecidas pola súa universidade de orixe, que se publican entre os meses de xaneiro e marzo de cada ano.

#### REQUISITOS

- Ser estudante de grao universitario (estudantes de máster e doutorado excluídos/as) nunha universidade española.
- Ter superados na universidade de orixe un mínimo de 45 créditos e estar matriculado en 30 créditos máis.
- A duración da estancia será como mínimo de medio curso (cursar 24 créditos como mínimo) e como máximo de curso completo (cursar 45 créditos como mínimo)
- Tamén se pode realizar no período de prácticas ou o proxecto de fin de grao.

#### CONTIDO DA AXUDA

O Programa SICUE é un sistema de intercambio, non unha bolsa. Ata 2014 adoitaba estar apoiado polas bolsas Séneca do Ministerio de Educación, Cultura y Deporte e, aínda que estas axudas desapareceron, pode estar apoiado por outras axudas coma as que ofrecen as comunidades autónomas e outras institucións públicas ou privadas.

#### COMO SOLICITALO

As solicitudes preséntanse na universidade de orixe.

#### PRAZO

Adoitan convocarse no primeiro trimestre do ano.

Podemos obter máis información en:

<http://www.crue.org/>

<http://www.crue.org/SitePages/SICUE.aspx>

### 3.1.3. CONVENIOS BILATERAIS

Son acordos entre as nosas universidades e outras universidades de países extracomunitarios para que os/as estudantes poidan

cursar estudos nun país estranxeiro de maneira temporal. Os requisitos para acceder a unha mobilidade a través dun convenio bilateral varían en función de cada convenio, pero os requisitos esenciais serán estar matriculado/a na universidade de orixe e acreditar un nivel de idioma estranxeiro. As/os estudantes poden obter información sobre as posibilidades que teñen na súa universidade de orixe para estudar noutras universidade mediante este tipo de convenios. Tamén poden acceder a bolsas xerais de mobilidade que convoque a comunidade autónoma ou outros organismos.

Para as universidades galegas podemos atopar información en:

[http://www.usc.es/gl/perfis/internacional/programas/](http://www.usc.es/gl/perfis/internacional/programas/convenio_bilateral/estudiantes_outgoing.html)

[convenio\\_bilateral/estudiantes\\_outgoing.html](http://www.usc.es/gl/perfis/internacional/programas/convenio_bilateral/estudiantes_outgoing.html)

[https://www.uvigo.gal/uvigo\\_gl/administracion/ori/convenios/](https://www.uvigo.gal/uvigo_gl/administracion/ori/convenios/internacionais/)

[internacionais/](https://www.uvigo.gal/uvigo_gl/administracion/ori/convenios/internacionais/)

<https://www.udc.es/gl/ori/infxeral/conveniosbilaterais/>

### 3.1.4. LECTORADOS

Os lectorados son oportunidades de mobilidade para estudantes ou titulados superiores en estudos relacionados coa lingua e a literatura. Consiste nunha estancia dun tempo determinado noutro país, durante a cal se realizarán labores (normalmente) docentes en institucións educativas ou relacionados co ensino e promoción da lingua, basicamente impartindo formación e promovendo o coñecemento da lingua, literatura e cultura propias do idioma obxecto de estudo.

Existen bolsas para a realización de lectorados, convocados pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, para estudos relacionados coa lingua galega e galego-portuguesa, e da Axencia Española de Cooperación Internacional, do Goberno de España, para titulacións relacionadas coa lingua española.



### 3.1.4.1. LECTORADOS DE LINGUA, LITERATURA E CULTURA GALEGAS

A Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia convoca prazas de lectorados de lingua, literatura e cultura galegas. A Rede de Centros de Estudos Galegos da Xunta de Galicia está integrada por un total de 35 centros en universidades de América e de Europa por medio de convenios de colaboración que subscribe a Administración autonómica galega desde a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. O obxectivo é dotar a estas universidades de órganos de referencia – coordinados pola Secretaría Xeral de Política Lingüística- para o coñecemento e a promoción da nosa lingua, non só no ámbito académico, senón tamén na súa área de influencia.

Actualmente, hai centros de estudos galegos en Alemaña, Brasil, Croacia, España, Estados Unidos, Finlandia, Francia, Hungría, Italia, Irlanda, Polonia, Portugal, Reino Unido, Rusia e Suíza. A maioría destes centros -en concreto, 27- refórzanse coa presenza dun/ha profesor/a lector ou lectora que, como complemento á súa actividade formativa, se responsabiliza da docencia, da investigación e da promoción da lingua, da literatura e da cultura galegas.

#### REQUISITOS

- Normalmente, estar en posesión das licenciaturas en Filoloxía Galega ou en Filoloxía Románica, sempre que a primeira ou segunda lingua románica elixida fose o galego; grao en Lingua e Literatura Galegas; grao en Estudos de Galego e Español e grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios.
- Nalgúns casos, esíxese un coñecemento doutra lingua (por exemplo, para estancias no Reino Unido).
- Ter unha idade máxima de 35 anos.

#### CONTIDO DA AXUDA

Existe unha dotación económica mensual durante toda a estancia.

#### COMO SOLICITALO

Concurso público a través de convocatoria de subvencións.

Toda a información no portal da lingua galega

(<http://www.lingua.gal/portada>)

e no portal de educación da Xunta de Galicia

(<http://www.edu.xunta.gal/portal/node/25290>).

### 3.1.4.2. LECTORADOS DE LINGUA, LITERATURA E CULTURA ESPAÑOLAS

A Axencia Española de Cooperación Internacional, do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, do Goberno de España convoca a concesión de subvencións para os programas de Lectorados MAEC-AECID en universidades estranxeiras de todo o mundo, co obxecto de promover os estudos de lingua e cultura española nos departamentos das universidades ou centros docentes de educación superior e contribuír á formación e adquisición de experiencia docente de futuros especialistas no ensino da lingua e literatura españolas.

#### REQUISITOS

- Nacionalidade española.
- Titulación académica de doutorado, licenciatura, máster universitario ou grao na rama de Artes e Humanidades, correspondente ás disciplinas relacionadas co estudo da lingua e literatura españolas.
- Formación específica na didáctica do español.
- Idade non superior aos 37 anos.
- Outras (ver nas convocatorias)

#### CONTIDO DA AXUDA

Existe unha dotación económica mensual durante toda a estancia.

#### COMO SOLICITALO

A través das universidades.

Máis información en:

Ministerio de Asuntos Exteriores, UE y Cooperación

[http://www.aecid.es/ES/becas-y-lectorados/  
convocatorias-maec-aecid/lectorados](http://www.aecid.es/ES/becas-y-lectorados/convocatorias-maec-aecid/lectorados)

Universidade da Coruña

[https://www.udc.es/gl/ori/infxeral/conveniosbilaterais/  
conveniosespecificos/lectorado/index.html](https://www.udc.es/gl/ori/infxeral/conveniosbilaterais/conveniosespecificos/lectorado/index.html)

### 3.1.5. OUTRAS BOLSAS DE ENTIDADES PÚBLICAS E PRIVADAS

Existen axudas complementarias aos programas de mobilidade orientadas a estudantes e titulados que buscan formarse noutro país:

#### MINISTERIO DE EDUCACIÓN E FORMACIÓN PROFESIONAL

Convoca bolsas para a mobilidade de estudantes (coñecidas coma *Becas MECD*). Pódese consultar a información na páxina web do Ministerio, no enlace:

[http://www.educacionyfp.gob.es/servicios-al-ciudadano-mecd/  
catalogo/educacion/estudiantes/becas-ayudas/movilidad.html](http://www.educacionyfp.gob.es/servicios-al-ciudadano-mecd/catalogo/educacion/estudiantes/becas-ayudas/movilidad.html)

#### PROGRAMA ARGO

(Ver no apartado 4: *Prácticas en empresa no estranxeiro* desta guía).

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL DA XUNTA DE GALICIA

Convoca axudas de mobilidade complementarias ás da Unión Europea para o programa Erasmus+ e para programas de mobilidade extracomunitaria. Pódese consultar máis información nos enlaces seguintes:

Erasmus+:

<http://www.edu.xunta.gal/portal/node/26730> (convocatoria 2019)

Extracomunitaria:

<http://www.edu.xunta.gal/portal/node/25672> (convocatoria 2018 – 2019)

### FUNDACIÓN GALICIA EUROPA

Convoca bolsas e axudas para a formación en asuntos europeos, orientadas a persoas con titulación superior:

<http://www.fundaciongaliciaeuropa.eu/tipo2.asp?idSeccion=8>

### BOLSAS BANCO SANTANDER

Convoca bolsas para a mobilidade, tanto comunitaria coma para convenios bilaterais:

<https://www.bancosantander.es/es/universidades/educacion>

<https://www.becas-santander.com/program/search?type=mobility>

[http://www.usc.es/gl/perfis/internacional/programas/becas\\_santander/  
index.html](http://www.usc.es/gl/perfis/internacional/programas/becas_santander/index.html)

### BOLSAS LA CAIXA

Conta con varias liñas de axudas para a mobilidade, dirixidas a estudantes de posgrao e doutorado, en España, Europa, América

e Asia. Adoitan convocarse de xeito anual e pódense consultar na súa páxina web, en concreto nos enlaces seguintes:<sup>1</sup>

<https://obrasociallacaixa.org/es/educacion-becas>

<https://obrasociallacaixa.org/es/investigacion-y-becas/programa-de-becas-de-posgrado/en-un-vistazo>

## BOLSAS FUNDACIÓN CAROLINA

Son bolsas a estudantes doutros países para formarse en España. Máis información en:

<https://www.fundacioncarolina.es/formacion/presentacion/>.

## BOLSAS DA FUNDACIÓN ICO

Ofrece axudas para estudantes graduados de estudos superiores para realizar un curso académico nunha universidade de Pequín, onde se estuda chinés mandarín e materias relacionadas coa economía chinesa. Esíxese dominio de inglés e nocións de chinés mandarín. Máis información no seguinte enlace:

<http://www.fundacionico.es/internacional-formacion/programa-fundacion-ico-becas-china/>

## 3.2. OPORTUNIDADES NA FORMACIÓN PROFESIONAL

Durante a etapa de formación profesional e para os recentemente titulados en ciclos de grao medio ou superior, existen tamén oportunidades para a mobilidade, onde destaca de novo Erasmus+ na súa rama orientada á FP, que substitúe desde 2014 ao programa Leonardo da Vinci. Existen tamén oportunidades de mobilidade

para os/as profesionais traballadores/as dos centros educativos, tanto persoal docente coma non docente. Desta maneira:

1. Os/as alumnos/as de Formación Profesional, estudantes en prácticas e aprendices poden realizar prácticas no estranxeiro para mellorar as súas expectativas laborais, formándose en:

- Empresas ou outras entidades (administracións públicas, ONGs...)
- Institucións de Formación Profesional con períodos de aprendizaxe práctico en empresas.

2. O persoal docente e non docente ten a oportunidade de participar nun proxecto de mobilidade para realizar actividades de desenvolvemento profesional de cara a mellorar as súas competencias, aumentar a capacidade de modernizar as súas institucións e ampliar o seu coñecemento de prácticas, políticas e sistemas, cunha estancia no estranxeiro realizando un período de:

- Formación (en forma de prácticas nunha empresa ou nun centro formativo).
- Observación de actividades profesionais, *jobshadowing* (un período de observación nunha empresa ou centro formativo).
- Docencia (para impartir clases nun centro de Formación Profesional).

### REQUISITOS

Ser estudante ou traballar coma persoal docente ou non docente en:

- Ciclos formativos de grao medio ou superior
- Formación Profesional básica

<sup>1</sup> Máis información no apartado 7.3 desta guía.

- Escolas Taller e obradoiros de Emprego
- Profesionais ou desempregados en formación

#### CONTIDO DA AXUDA

Para estudantes existe unha bolsa Erasmus+ da UE para contribuír aos gastos de viaxe e estancia durante o período de estudos no estranxeiro. Esta axuda pode ser complementada por outros organismos.

#### DURACIÓN

Entre 2 semanas e 12 meses. Pode incluír clases de idiomas e formación cultural e práctica.

#### COMO SOLICITALO

Non o pode solicitar individualmente a persoa interesada, senón que a xestión corresponde ao centro onde se estuda ou traballa (centros de Formación Profesional, públicos ou privados), que son os que comunmente realizan estes proxectos. Tamén outros organismos coma concellos, deputacións, comunidades autónomas, empresas, centros de investigación, fundacións, ONG's, etc. poden xestionar estes programas, aínda que é menos habitual.

Proyectos de Movilidad de Formación Profesional (KA1):

[movilidad.fp@sepie.es](mailto:movilidad.fp@sepie.es)

Tel: 91 550 67 53

<http://sepie.es/formacion-profesional/index.html>

## 3.3. OUTROS PROGRAMAS DE AXUDAS PARA ESTUDAR NO ESTRANXEIRO EN DIFERENTES ETAPAS EDUCATIVAS

### 3.3.1. BECAS AMANCIO ORTEGA

Este programa convoca bolsas dirixidas a estudantes de 4º de ESO de centros españois, para estudar 1º de Bacharelato nun High School en Canadá ou nos Estados Unidos.

Máis información en: <https://becas.faoortega.org/>

### 3.3.2. BECAS FULBRIGHT

Programa de intercambio xestionado polo Goberno de Estados Unidos para contribuír ao entendemento con cidadáns/ás estadounidenses. Están presentes en máis de 150 países e están destinadas a estudantes españois que queiran ir aos Estados Unidos a formarse. Os requisitos dependen da bolsa solicitada, xa que é un programa moi amplo e con moitas opcións. Non é compatible con ningún emprego.

Para máis información: <https://fulbright.es/>

## 3.4. ESTUDAR IDIOMAS NO ESTRANXEIRO

### 3.4.1. BOLSAS DO GOBERNO DE ESPAÑA

Existen varias axudas do Ministerio de Educación e Formación Profesional e dirixidas a persoas que están realizando estudos de

diverso tipo, desde a ESO ata a etapa universitaria. Poden consultarse na seguinte ligazón:

<http://www.educacionyfp.gob.es/servicios-al-ciudadano/catalogo/estudiantes/becas-ayudas/para-estudiar/idiomas.html>

### 3.4.2. EUROLINGUA (VEN A IRLANDA)

Este programa ofrece axudas para realizar cursos de inglés e outras estancias para a inmersión lingüística, non só en Irlanda, senón tamén noutros lugares coma Escocia ou Malta. Existen posibilidades tanto para persoas mozas coma para persoas adultas. Toda a información na seguinte páxina web:

<https://www.venairlanda.com/>

### 3.4.3. FUNDACIÓN GALICIA EUROPA

Tamén ofrece alternativas para o estudo de idiomas:

<http://guias.fundaciongaliciaeuropa.eu/indice/aprendizaxe-de-idiomas/aprendizaxe-de-idiomas>

## 4. PRÁCTICAS EN EMPRESA NO ESTRANXEIRO

Existen varias opcións para as persoas que desexen realizar prácticas nunha empresa ou outras institucións no estranxeiro, tanto as dirixidas á educación superior (coma o Erasmus+) coma outras para as que non se esixe titulación ningunha (Galeuropa).

### 4.1. ERASMUS+

O programa Erasmus+ ofrece oportunidades para prácticas en empresa dentro da educación superior.


#### REQUISITOS

Ser estudantes de:

- Ensino universitario
- Ensinos artísticos superiores
- Formación profesional de grao superior
- Ensinos profesionais de artes plásticas e deseño de grao superior
- Ensinos deportivos de grao superior

Na mobilidade para prácticas, os/as estudantes poderán obter unha bolsa nestes dous casos:

- Se a mobilidade se realiza dentro do ano seguinte á finalización dos estudos superiores
- Se se seleccionan pola súa institución de orixe durante o seu último ano de estudos



#### CONTIDO DA AXUDA

As bolsas Erasmus+ poden cubrir os gastos de viaxe e estancia, dependendo do lugar a onde fagamos a mobilidade.

#### DURACIÓN

Entre 2 e 12 meses de mobilidade europea.

#### COMO SOLICITALO

As solicitudes pódense presentar a través da oficina de relacións internacionais ou da oficina de Erasmus+ da propia institución de educación superior. A selección de candidaturas corresponde á institución de orixe.

#### PARA MÁIS INFORMACIÓN

[https://ec.europa.eu/programmes/erasmus-plus/opportunities/how-to-apply\\_es](https://ec.europa.eu/programmes/erasmus-plus/opportunities/how-to-apply_es)

## 4.2. GALEUROPA

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado convoca axudas para proxectos de mobilidade transnacional dirixidas a mozos e mozas menores de 30 anos para a realización de prácticas formativas non remuneradas en entidades/empresas públicas ou privadas de países europeos.

Este programa está dirixido a mellorar as competencias profesionais dos/as mozos/as, ademais de a apoiar a adquisición de competencias en idiomas estranxeiros para así mellorar a empregabilidade das persoas participantes.

A mocidade participante poderá realizar prácticas laborais non remuneradas de 3 meses e o apoio lingüístico, a viaxe, o aloxamento e a manutención na cidade das prácticas correrán a cargo do programa.

#### OS OBXECTIVOS XERAIS DESTE PROXECTO SON:

- Mellorar e ampliar as cualificacións profesionais e ocupacionais da mocidade.
- Mellorar as súas competencias interculturais.
- Mellorar o dominio de linguas estranxeiras.
- Desenvolvemento persoal das habilidades e competencias sociais e laborais.
- Promover intercambios e redes de colaboración transnacionais
- Reforzar a identidade europea da mocidade e divulgar o acervo da comunidade europea.
- Incentivar as actitudes positivas cara á internacionalización de sectores económicos territoriais e oportunidades de emprego e autoemprego.
- Recoñecemento/validación das destrezas e coñecementos adquiridos nas mobilidades.

#### REQUISITOS

As persoas destinatarias das mobilidades deberán cumprir os requisitos seguintes:

- Estar inscritos/as no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. Para isto hai que:
  - Ter máis de 16 anos e menos de 30 no momento de solicitar a inscrición do ficheiro.

- Non ter traballado no día natural anterior ao momento de recibir a actuación.
- Non ter recibido accións educativas no día natural anterior ao momento de recibir a actuación.
- Non ter recibido accións formativas no día natural anterior ao momento de recibir a actuación.
- Para inscribirse no SNGX:  
<http://www.empleo.gob.es/es/garantiajuvenil/home.html>
- Ter entre 18 e 30 anos. O requisito de idade debe cumprirse no momento de solicitar a inscrición no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil.
- A duración das prácticas formativas serán dun mínimo de 2 meses e dun máximo 3 meses consecutivos.

#### CONTIDO DA AXUDA

- Aloxamento: o/a participante terá cuberto o seu aloxamento durante os 3 meses en pisos compartidos, en cuartos individuais ou dobres.
- Viaxe e manutención: o/a participante obterá un diñeiro de peto durante a súa estancia como axuda á súa manutención e a outros gastos que poidan xurdir no desenvolvemento das prácticas.
- Os transportes locais no país de destino (viaxe diario ao lugar de realización das prácticas) non son considerados como gastos de viaxe e quedan incluídos na partida de aloxamento e manutención.

- Preparación pedagóxico/cultural/lingüística: é un curso de adaptación á lingua do país de destino.
- Seguimento durante toda a estancia: o/a participante terá unha titoría por parte do socio de acollida e do ente coordinador durante toda a estancia.
- Seguro privado de accidente, repatriación e responsabilidade civil a terceiros.

***Incompatibilidades das axudas:** estas axudas son incompatibles con calquera outro tipo de axudas ou bolsas de institucións públicas, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, destinadas a actividades similares. A incompatibilidade aplícase ao ano de referencia de obtención da axuda para a realización do proxecto de mobilidade.*

#### COMO SOLICITALO

Existen tres liñas de axudas:

- Dirixidas a concellos ou agrupacións de concellos
- Dirixidas a institucións sen ánimo de lucro que realicen actividades orientadas á xuventude
- Dirixidas a persoas inscritas no programa de garantía xuvenil

Nos dous primeiros casos, son estas institucións as encargadas de realizar as xestións e de seleccionar as persoas participantes que cumpran os requisitos, polo que quen desexe participar, deberá dirixirse a estas entidades. No terceiro dos casos, as persoas que desexen participar poderán solicitar a concesión da axuda a título individual.



#### PRAZO

No 2019 a convocatoria foi entre o 30 de abril e o 29 de maio. Cómpre mirar cada ano o novo prazo que se abre.

#### PARA MÁIS INFORMACIÓN

Portal de xuventude da Xunta de Galicia, en

<http://xuventude.xunta.es/programas-eu/8845-galeuropa-2022>

[https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?](https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=BS324C&anno=2019&numPubAno=1&lang=gl)

[codtram=BS324C&anno=2019&numPubAno=1&lang=gl](https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=BS324C&anno=2019&numPubAno=1&lang=gl)

(convocatoria 2019).

## 4.3. FUNDACIÓN GALICIA EUROPA

A Fundación Galicia Europa (FGE) ten entre os seus fins estatutarios fomentar o achegamento da realidade galega a Europa e potenciar o seguimento dos asuntos europeos e a formación en temas comunitarios. Desta maneira, A FGE convoca anualmente bolsas para prácticas en diversos organismos da Unión Europea e dirixidas a persoas con titulación superior (universitarias ou de formación profesional de grao superior). Estes organismos son:

- Fundación Galicia Europa
- Institucións e organismos da Unión Europea
- Organismos e organizacións internacionais
- Organismos privados
- Organismos públicos galegos
- Outros organismos públicos

#### REQUISITOS

- Ser nacional dun dos estados membros da Unión Europea.
- Ter nacido en Galicia, ser fillo/a de galegos/as ou acreditar residencia en Galicia desde antes do 1 de xaneiro de 2015.
- Estar en posesión dun título superior (universitario ou de FP superior).
- Segundo cada caso, poden existir requisitos de coñecemento de idiomas e/ou de idade máxima.

#### DURACIÓN

Varía segundo o tipo de bolsa.

#### CONTIDO DA AXUDA

Consta dunha remuneración económica, cuxa contía é diferente para cada caso.

#### PRAZOS

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o derradeiro do mes.

#### COMO SOLICITALO

Dirixirse á Fundación Galicia Europa.

Para máis información:

<http://guias.fundaciongaliciaeuropa.eu/>

## 4.4. PROGRAMA ARGO

As bolsas Argo pertencen a un programa que promove o *Ministerio de Educación y Formación Profesional*, destinado á mobilidade de persoas tituladas, que cursaran estudos en universidades españolas e que queiran ampliar a súa formación realizando prácticas en empresas localizadas en Europa, Estados Unidos e Canadá, ademais doutros convenios con empresas españolas con sede en Oceanía ou Asia.

### REQUISITOS

- Ter titulación universitaria obtida nunha universidade española, pública ou privada, xa sexa licenciatura, enxeñaría, arquitectura, enxeñaría técnica. Arquitectura técnica, diplomatura, grao ou máster. O título deberá estar rexistrado no Catálogo Oficial de Titulacións.

### Exclusións:

- Doutorados, máster ou calquera titulación procedente de estudos de posgrao, sempre que non dispoñan do título previo á obtención do doutorado ou máster.
- Titulacións de ensinos superiores, coma as titulacións obtidas nas escolas de arte ou nos conservatorios de música.
- As titulacións obtidas noutros países que non sexan España.
- Títulos denominados propios que outorgan algunhas universidades privadas.

- A titulación deberá ter sido obtida dentro dos tres últimos anos.
- Ter menos de 35 anos e residir legalmente en España.
- Ter coñecemento do idioma do país de destino.

### CONTIDO DA AXUDA

- Axudar a sufragar os gastos de estancia e manutención. O pago realizarase en euros e o importe dependerá duns baremos. Ademais, este importe verase gravado coa correspondente retención de IRPF, e da parte correspondente á Seguridade Social.
- Gastos de viaxe, tanto de ida coma de volta.
- Custos de xestión de visado.
- Seguro. A persoa beneficiaria deberá subscribir unha póliza de seguro para cubrir tanto a área sanitaria, coma accidente, defunción, responsabilidade civil, etc., durante a estancia.

### DURACIÓN

A estancia será de 6 meses.

### COMO SOLICITALO

As persoas interesadas deberán rexistrarse (ver enlace máis abaixo) na web do Ministerio de Educación e Formación Profesional, cumprimentando un cuestionario que versará sobre datos básicos persoais.

#### PRAZO

Presentáronse programas desde 2014, cunha duración de tres anos. Cómpre mirar se abre un novo programa.

Para máis información:

- <http://www.educacionyfp.gob.es/servicios-al-ciudadano/catalogo/estudiantes/becas-ayudas/practicas-empresas-organismos/argo.html>
- <https://www.becasestudio.es/becas-argo/>

## 4.5. EURODISEA

Programa de intercambio da Asemblea das Rexións de Europa (ARE) que ofrece prácticas no estranxeiro dirixidas a mozas e mozos que están buscando traballo e que teñan de 18 a 30 anos.

#### REQUISITOS E CONDICIÓNS

- Dirixido a mozos e mozas de entre 18 e 30 anos, que residan nunha das rexións membro do programa.
- Normalmente non se pide unha formación especial. As candidaturas recibidas compáranse cos requisitos que solicitan as empresas.
- Algúns requisitos poden variar dependendo da rexión de orixe, polo que se recomenda contactar para consultar as condicións.

#### CONTIDO DA AXUDA

- Prácticas en empresa durante a estancia
- Curso de idioma
- Aloxamento
- Salario ou subsidio mensual

- Seguro
- Certificado

#### DURACIÓN

Entre 3 e 7 meses

#### COMO SOLICITALO

Para participar en Eurodisea é necesario rexistrarse e crear un perfil na web do programa, onde se poderá ademais atopar toda a información relacionada:

<http://www.eurodyssee.eu/es/traineeship-offers/backend/ofertas-de-practicas.html>

## 4.6. OUTRAS

### 4.6.1. PROGRAMA STELLA

É unha iniciativa do Grupo Compostela de Universidades (CGU) para fomentar e facilitar a mobilidade e formación dos estudantes das universidades que pertencen ao Grupo Compostela. Este programa ofrécelle ao estudantado a oportunidade de facer prácticas, coñecer outras culturas e aumentar as súas destrezas lingüísticas e profesionais.

<http://web.gcompostela.org/es/stella-junior-3/>

### 4.6.2. PROGRAMA MUSEOGRAFÍA

Son bolsas que ofrecen formación, orientación profesional e prácticas directas dentro do sector da museografía e a conservación.

<http://www.fundacionico.es/arte/actividades-educativas/museografia/>

## 5. OPORTUNIDADES DE EMPREGO NO ESTRANXEIRO



Ao contrario que no século pasado, hoxe en día os empregos que máis se solicitan no estranxeiro son empregos cualificados. Segundo a Guía de emprego no estranxeiro, da Axencia Local de Colocación de Santiago de Compostela, a maioría de expertos/as na materia din que os países receptores de emigrantes (Alemaña, Inglaterra, Austria...) demandan persoas traballadoras con cualificación, coma por exemplo:

- Enxeñerías e telecomunicacións: son moi demandados tanto en Europa, especialmente Alemaña, Austria e Suíza, como nos Estados Unidos ou Chile. En Brasil precisan de enxeñeiros mecánicos, eléctricos ou de automoción, xa que teñen uns sectores mineiro e enerxético de importancia.
- Persoal sanitario: médicos/as e enfermeiras/os son reclamados/as en numerosos países como Inglaterra, Alemaña, Austria, Suíza, Noruega, Arabia Saudita e Estados Unidos.
- Persoal para traballo social, educación ou administración é demandado en Estados Unidos.
- Outras ocupacións como loxística, márketing, banca, contables e industria farmacéutica son demandados en Alemaña e Reino Unido. Alí tamén necesitan consultores SAP, persoal de administración e vendas.
- O sector servizos é o que recolle o maior número de ofertas de traballo da Unión Europea, aumentando demandas como persoal de venda ou comerciais, seguridade, servizos asistenciais e restauración.
- Arquitectos/as e outros profesionais da construción son requiridos en lugares coma Canadá.

Ademais, moitas empresas con sede no noso país, debido á actual globalización do emprego, precisan establecer filiais noutros países, realizar unha actividade temporal noutro lugar ou mercar/vender mercancías máis aló da fronteira. Tamén empresas estranxeiras poden facer o mesmo no noso país, co que practicamente calquera tipo de emprego é susceptible de mobilidade e de crear oportunidades en calquera lugar.

## 5.1. PORTAIS E BUSCADORES DE OFERTAS DE EMPREGO NO ESTRANXEIRO

### 5.1.1. EMPLÉATE

É o portal de emprego dependente do SEPE, no cal se poden atopar ofertas a nivel nacional e internacional, simplemente poñendo na barra de busca o país, cidade e/ou profesión que nos interese. É moi sinxelo rexistrarse e acceder a servizos coma:

- Buscar, consultar e inscribirse en ofertas de traballo.
- Crear un currículo.
- Anunciarse coma demandante de emprego para que as empresas nos atopen.
- Crear alertas para que nos cheguen as ofertas por correo electrónico e/ou SMS.

Enlace web: <https://www.empleate.gob.es/empleo/#/>

### 5.1.2. OUTROS

- <https://www.eurojobs.com>
- <https://www.yeseuropa.org/>
- <https://europeos.es/>
- <https://mevoyalmundo.com/>
- <https://acciontrabajo.com/>
- <https://www.jobrank.org/>
- <https://www.monster.es/geo/siteselection/>
- <http://www.becasenelextranjero.org/>
- <https://www.summerjobs.com/> (traballo estacionais)
- <http://www.universia.es/>
- <http://masoportunidades.org/>
- <https://www.hacesfalta.org/> (relacionado con temas sociais)
- <https://www.indeed.es/?r=us>
- <https://www.justlanded.com/>
- <http://www.todoele.net/> (profesorado de español no exterior)
- <http://www.gapwork.com/>
- [https://epso.europa.eu/home\\_es](https://epso.europa.eu/home_es) (emprego público na UE)
- <https://euraxess.ec.europa.eu/> (investigación)

## 5.2. BOLSAS DE EMPREGO NO ESTRANXEIRO

### 5.2.1. TU PRIMER TRABAJO EURES PROXECTO DIRIXIDO A MENORES DE 30 ANOS

- Persoas entre 18 e 30 anos.
- Duración: mínimo 6 meses.
- Axuda económica para asistir a entrevista no estranxeiro, custos de formación lingüística, o recoñecemento de diplomas e cualificacións ou a instalación no país de destino.
- Contrato de traballo e salario.
- Axuda aos cidadáns da UE a atopar un emprego, unha bolsa de formación ou un período de aprendizaxe noutro país da UE, Noruega ou Islandia, e axuda ás empresas a encontrar man de obra cualificada.
- EURES España é socio dos proxectos de Alemaña, Francia, Italia e Suecia.

Máis información:

<https://ec.europa.eu/eures/public/es/your-first-eures-job-js>

### 5.2.2. REACTÍVATE PROXECTO DIRIXIDO A MAIORES DE 35 ANOS

- Persoas maiores de 35 anos.

- Duración: mínimo 6 meses.
- Axuda económica para asistir a entrevistas no estranxeiro, custos de formación lingüística, o recoñecemento de diplomas e cualificacións ou a instalación no país de destino.
- Contrato de traballo e salario.
- Axuda a persoas maiores de 35 anos a atopar un emprego, bolsa ou oportunidade de aprendizaxe noutro país da UE e axuda ás empresas a atopar man de obra cualificada.
- EURES España é socio dos proxectos Reactívate de Francia, Italia e Suecia.

Máis información: <https://ec.europa.eu/eures/public/es/reactivate-js>

### 5.2.3. BOLSAS DE EMPREGO NA FUNDACIÓN GALICIA EUROPA

- 1 bolsa en Asuntos Europeos (Santiago de Compostela).
- 2 bolsa en Asuntos Europeos (Bruxelas).
- 2 bolsas en Comunicación (Bruxelas e Santiago de Compostela).
- Varias titulacións preferentes.
- Convocatoria: finais de ano.
- Proceso de selección: méritos e entrevista.
- Duración: 11 meses.

- Remuneradas.

Máis información: <http://www.fundaciongaliciaeuropa.eu/>

#### 5.2.4. BOLSAS DE EMPREGO NA FUNDACIÓN GALICIA EUROPA E GAIN (AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN)

- Bolsa en I+D+I.
- Oficina FGE Bruxelas. Breves períodos en GAIN (Santiago de Compostela).
- Estudos relacionados coa innovación e a investigación.
- Convocatoria: último trimestre do ano.
- Proceso de selección: méritos e entrevista.
- Duración: 11 meses.

Máis información:

[http://www.fundaciongaliciaeuropa.eu/tipo2\\_ver.asp?idSeccion=8&idTema=326&idNoticia=2802](http://www.fundaciongaliciaeuropa.eu/tipo2_ver.asp?idSeccion=8&idTema=326&idNoticia=2802)

### 5.3. TRABALLAR NA UE E NOUTROS ORGANISMOS INTERNACIONAIS

Ademais das oportunidades de traballo a través de bolsas de emprego en organismos da Unión Europea, que se comentaron no

apartado anterior (Fundación Galicia Europa e GAIN), existe tamén a posibilidade de acceder ao emprego en organismos internacionais. A Fundación Galicia Europa conta cunha guía moi útil para este apartado e que se pode consultar e descargar na seguinte ligazón:

<http://guias.fundaciongaliciaeuropa.eu/indice/traballar-no-exterior>

#### 5.3.1. TRABALLAR NA UE

Na Unión Europea existen 3 tipos de relación laboral:

- Funcionarios: administradores, asistentes, asistentes-secretarios.
- Persoal temporal: máximo de 6 anos.
- Axentes contractuais: de 3 meses a 5 anos, prorrogables outros 5.

A selección de persoal realízase a través da **EPSO** (European Personnel Selection Office), que é a oficina ao servizo das institucións da Unión Europea encargada de facilitar os procesos de selección. Para obter as prazas é necesario un alto nivel de idiomas. No seu portal web está toda a información necesaria e é o lugar onde se poden ver as prazas vacantes e onde presentar as candidaturas.

EPSO: [https://epso.europa.eu/home\\_es](https://epso.europa.eu/home_es)

#### 5.3.2. OUTROS ORGANISMOS INTERNACIONAIS

Cada organismo realiza os seus procesos, con diferentes criterios, aínda que son procesos orientados a persoas con titulación superior. Nas páxinas web de cada un pódense consultar as ofertas de postos de traballo:

- Organización das Nacións Unidas (ONU) (<http://www.un.org/es/index.html>)
- Organización do Tratado do Atlántico Norte (OTAN) (<https://www.nato.int/cps/en/natohq/recruitment.htm>)
- Organización Mundial do Comercio (OMC) ([https://www.wto.org/english/thewto\\_e/vacan\\_e/vacan\\_e.htm](https://www.wto.org/english/thewto_e/vacan_e/vacan_e.htm))
- Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE) (<http://www.oecd.org/careers/>)
- Fondo Monetario Internacional (FMI) (<https://www.imf.org/external/spanish/index.htm>)
- Diplomacia Nacional - Escola Diplomática (<https://www.imf.org/external/spanish/index.htm>)
- Consello de Europa (<https://www.coe-recruitment.com/>)
- Banco Mundial (BM) (<https://www.bancomundial.org/es/work-with-us>)
- Amnistía Internacional (<https://careers.amnesty.org/>)
- Comité Internacional da Cruz Vermella (<https://www.icrc.org/en/who-we-are/jobs>)
- Médicos sin Fronteras (<https://www.msf.es/trabaja>)
- Oxfam Intermon ([https://www.oxfamintermon.org/es/que-puedes-hacer-tu/unete-al-equipo](https://www.oxfamintermon.org/es/que-puedes-hacer-tu-unete-al-equipo))
- Save The Children (<https://www.savethechildren.es/>)
- Asociación de Cooperación pola Paz, ACPP (<https://www.acpp.com/>)  
conta con sede en Santiago de Compostela

### 5.3.3. ONG'S

Cada organización ten os seus criterios e os seus procesos, aínda que adoita ser necesario o coñecemento de idiomas, formación superior e experiencia laboral para acceder ás ofertas de emprego. Nas súas páxinas web pódese obter máis información:

- Acción contra el Hambre (<https://employ.acf-e.org/index.php/positions/index/SP/>)

## 5.4. TRABALLOS TEMPORAIS E ESTACIONAIS NO ESTRANXEIRO

Para persoas que buscan un emprego temporal, por exemplo, na temporada de verán ou de inverno, incluso en períodos máis curtos, existen moitas opcións que se poden ter en conta. Neste sentido haberá oportunidades en empresas hostaleiras coma bares, restaurantes, hoteis ou hostais, pero tamén en actividades relacionadas co ocio, tempo libre ou o deporte, como poden ser os deportes de neve, os deportes de auga, organización de eventos, etc. Ademais, na tempada de recollida de froitos, xeralmente no verán, multitude de empresas precisan de man de obra por un período dunhas poucas semanas ou meses, co que pode ser unha



ocasión ideal para quen busca moverse a outro lugar por un curto período de tempo á vez que obtén un salario.

Este tipo de empregos son ideais para estudantes que buscan traballar nas súas vacacións, xa que á parte de obter un salario é unha oportunidade para coñecer novos lugares e persoas, practicar un idioma e coller experiencia laboral. Aínda que estes empregos non estean relacionados coa nosa formación ou co noso futuro emprego, poden achegarnos outros coñecementos e habilidades moi válidos para o noso futuro laboral e persoal. De todos os xeitos isto non quere dicir que este tipo de empregos estean orientados só á xente nova ou estudantes. Pode ser un medio de vida e pódese ter un ou máis empregos varios meses ao ano en períodos consecutivos ou alternos e en diferentes épocas do ano.

Para atopar un traballo deste tipo podemos contactar directamente coas empresas, con persoas coñecidas doutros lugares, buscar información en webs especializadas na mobilidade, etc. Existen tamén buscadores de emprego a través da rede deseñados especificamente para a busca de traballos estacionais. Algúns destes buscadores son os seguintes:

- <https://www.seasonworkers.com/>
- <https://anyworkanywhere.com/>
- <https://www.summerjobs.com/>
- <http://www.pickingjobs.com/>

Tanto no Portal Europeo da Xuventude coma na Guía do SEPE *Trabajar en verano* podemos atopar máis información sobre este tipo de empregos:

- [https://europa.eu/youth/EU/working/jobs\\_es](https://europa.eu/youth/EU/working/jobs_es)
- [https://www.sepe.es/contenidos/que\\_es\\_el\\_sepe/publicaciones/pdf/pdf\\_empleo/trabajar\\_verano.pdf](https://www.sepe.es/contenidos/que_es_el_sepe/publicaciones/pdf/pdf_empleo/trabajar_verano.pdf)

Ademais, na páxina do SEPE e na Rede EURES podemos obter información sobre emprego por cada país e por cada tipo de em-

prego que se queira buscar, incluídos os empregos de tempada, na hostalaría, etc:

[https://www.sepe.es/contenidos/personas/encontrar\\_empleo/empleo\\_europa.html](https://www.sepe.es/contenidos/personas/encontrar_empleo/empleo_europa.html)

Para coñecer máis sobre outros lugares, países e cidades:

<https://trabajarporelmundo.org/>

### 5.4.1. TRABALLAR NA HOSTALARÍA

A hostalaría é o sector que xera máis oportunidades de emprego temporal. Depende moito de factores coma o clima e as vacacións, co que moitos lugares xeran emprego na hostalaría preferentemente na tempada de verán, pero outros tamén na tempada de inverno e outras épocas do ano coma días festivos, pontes ou celebracións da zona. Loxicamente, para este tipo de traballos será necesario coñecer o idioma do país e valorarase o coñecemento dalgún outro.

Cando falamos da hostalaría, referímonos a:

- Servizos de bar e restauración (camareiros/as, cociñeiros/as, metres...)
- Servizos de aloxamento en hoteis, hostais, casas rurais, cámpings, etc. (receptionistas, camareiros/as de piso, cociñeiros/as...)

Neste sentido, en xeral, existen tres alternativas diferenciadas e que xeran oportunidades de emprego na hostalaría en diferentes épocas do ano:

- A alta montaña: ten a tempada alta nos meses de inverno, en relación aos deportes de neve (decembro a abril), pero tamén ten moito turismo na época do verán (xuño a se-

tembro) e polo tanto xera emprego na hostalaría e en temas relacionados co deporte na neve. Lugares destacados de alta montaña en Europa son os Alpes (Francia, Suíza, Austria, Italia, Eslovenia, Alemaña...), os Pirineos (Francia, Andorra e España), ou os Picos de Europa e Serra Nevada (España).

- Turismo de praia: ten a tempada alta no verán (xuño a setembro), aínda que cada vez se amplía máis, incluíndo xa outros meses coma maio e outubro e outras épocas do ano coma festivos e pontes. En Europa, as zonas que máis emprego xeran relacionadas con este tipo de turismo son as bañadas polo mar Mediterráneo. Tamén o sur de Portugal e cada vez máis as zonas atlántica e cantábrica.
- Turismo cultural: lugares con especial interese debido ao seu patrimonio, historia, relixión, gastronomía, oportunidades de ocio... En xeral, todas as capitais de Europa (Londres, París, Berlín, Edimburgo...) e outras cidades ou zonas de especial atractivo turístico (Barcelona, Florencia, Cracovia, Porto, Compostela...) xeran oportunidades de emprego na hostalaría.

Algunhas webs e portais de emprego interesantes para buscar emprego na hostalaría, son as seguintes:  
No Reino Unido

- [www.gov.uk/jobsearch](http://www.gov.uk/jobsearch)
- [www.caterer.com](http://www.caterer.com)
- [www.reed.co.uk](http://www.reed.co.uk)
- [www.hotel-jobs.co.uk](http://www.hotel-jobs.co.uk)
- [www.hcareers.co.uk](http://www.hcareers.co.uk)
- [www.leisurejobs.com](http://www.leisurejobs.com)
- [www.jobsinhotels.co.uk](http://www.jobsinhotels.co.uk)
- [www.londonjobs.co.uk/home/introduction.html](http://www.londonjobs.co.uk/home/introduction.html)

- <http://ijobs.independent.co.uk/jobs/catering>
- [www.workabout.uk.com/home.aspx](http://www.workabout.uk.com/home.aspx)

#### En Francia

- <http://lhotellerie-restauration.fr>
- [www.resoemploi.fr/Offresdemploi.aspx](http://www.resoemploi.fr/Offresdemploi.aspx)
- [www.synhorcat.com/?lang=fr](http://www.synhorcat.com/?lang=fr)

#### En Portugal

- <https://www.bonsempregos.com>
- <https://www.careerjet.pt/>
- <https://www.ofertasdeemprego.pt/areas/hotelaria-turismo/>
- <http://www.hays.pt/impulsione-a-sua-carreira-com-a-hays/emprego-turismo-lazer/>

#### En España

- <https://hosteleo.com/es>
- <https://www.turijobs.com/>
- <http://www.linkers.es/>
- [http://comunidad.hosteltur.com/bolsa\\_trabajo/ofertas/](http://comunidad.hosteltur.com/bolsa_trabajo/ofertas/)
- Outros buscadores comúns a todos os tipos de empregos

### 5.4.2. TRABALLAR NA AGRICULTURA: TEMPADA DE RECOLLIDA DE FROITAS E HORTALIZAS

Normalmente na tempada de verán existe a oportunidade de traballar na recolleita de froitas e hortalizas, tanto en España coma

en Europa. As persoas que se dedican a estes empregos son os coñecidos coma temporeiros e adoitan a desprazarse para buscar as súas oportunidades. Se se quere traballar en Europa debemos ter un currículo na lingua do país ao que queremos ir, incluso unha carta de presentación, aínda que en moitos casos pode que se acepte en inglés.

Traballar no sector agrícola esixirá ter unha boa forma física debido ao tipo de traballos que hai que realizar, que implican estar de pé varias horas, camiñar, cargar pesos, etc. Por outra parte, non é imprescindible coñecer linguas estranxeiras, aínda que é recomendable ter unhas nocións do idioma do país. En canto ao aloxamento, algunhas granxas poden ofrecelo, pero non son a maioría, polo que haberá que buscar un lugar onde quedarse (cámpings, albergues, hostais, pisos, etc.).

#### COMO BUSCAR TRABALLO NO SECTOR AGRÍCOLA?

- Ir en persoa e deixar o currículo
- Pedir axuda a contactos que teñamos no lugar
- Buscar ofertas a través de Internet (no portal da rede Eures e outros buscadores)

As palabras clave para buscar ofertas de traballo neste sector, son:

- Inglés: farm worker, agriculture worker, Ranch hand, farm hand, fiel hand, ...
- Francés: Ouvrier agricole, employees agricole
- Alemán: Landarbeiter / in, Erntearbeiter / in
- Holandés: landarbeider

- Noruegués: gårdsarbeider
- Danés: landarbejder
- Finlandés: maataloustyöntekijänä

Para obter máis información sobre os traballos no sector agrícola podemos visitar:

- [https://www.sepe.es/contenidos/personas/encontrar\\_empleo/empleo\\_europa.html](https://www.sepe.es/contenidos/personas/encontrar_empleo/empleo_europa.html)
- [http://www.informajoven.org/info/trabajo/C\\_19\\_2\\_4\\_1\\_1.asp](http://www.informajoven.org/info/trabajo/C_19_2_4_1_1.asp)
- <http://www.oficinaempleo.com/blog/como-trabajar-en-la-recogida-de-fruta/>
- <https://trabajarporelmundo.org/>

#### 5.4.2.1. A RECOLLIDA DE FRESAS NO REINO UNIDO

A campaña de recollida de fresas en Inglaterra é moi coñecida xa que ofrece gran cantidade de postos de traballo cada ano. Milleiros de persoas chegan a este país cada ano, procedentes de múltiples lugares, en busca de oportunidades nesta campaña.

- Tempada: de abril a outubro (pode variar un pouco en función do clima de cada ano)
- Portais e páxinas web para buscar ofertas:
  - <https://hopslaboursolutions.com> (axencia especializada na contratación de temporeiros)
  - <https://www.fruitfuljobs.com> (ofertas de emprego de tempada)

- Granxas que empregan a centos de temporeiros/as:

- <http://www.kelseyfarms.co.uk>
- <https://www.haygrove.com/>
- <https://www.emerysoftfruit.com/>
- [www.withersfarm.co.uk](http://www.withersfarm.co.uk)
- <https://gs-recruitment.com/>
- <https://ifctunstead.co.uk/work.htm>

Para máis información, pódese visitar o seguinte enlace do blog Trabajarporelmundo.org:

<https://trabajarporelmundo.org/claves-para-trabajar-en-la-recogida-de-fresas-de-inglesa/>

#### 5.4.2.2. RECOLLIDA DE FROITA E VENDIMA EN FRANCIA

En Francia hai moitas posibilidades de traballar no campo no verán, na recollida de froita e na vendima, principalmente nas zonas do sur do país. A vendima francesa é moi coñecida, sobre todo no mes de setembro, pero durante todo o verán tamén atopamos outros produtos cos que poder traballar no campo en Francia, coma son a recollida de mazás, melóns, fresas...

- Tempada da froita: de maio a setembro
- Tempada da vendima: finais de agosto, setembro, principios de outubro

Para buscar ofertas de emprego, temos que acceder á web <https://www.pole-emploi.fr/accueil/> e realizar unha busca usando palabras clave en francés, coma por exemplo: para a vendima “Vendangeur” e para recolecta de mazá “pommes”. Podemos atopar moi-

ta información sobre este tema no blog Trabajarporelmundo.org, no seguinte enlace:

<https://trabajarporelmundo.org/informacion-para-trabajar-en-la-vendimia-francesa/>

Outros portais onde atopar ofertas de emprego:

- <http://www.saisonnalite.org/>
- <http://www.anefa.org/>
- <https://www.vinomedia.fr/>
- <https://www.producteurs-savoie-mont-blanc.com/>
- <http://www.jobs-ete.com/>
- <https://www.pole-emploi.fr/accueil/>

#### 5.4.2.3. RECOLLIDA DE CHÍCHAROS EN DINAMARCA

Greenpeas é un portal web onde podes optar a un posto de emprego para traballar na campaña de recollida de chícharos en Dinamarca. Neste portal podemos inscribirmos e buscar as ofertas que nos interesen:

<http://my-greenpeas.com/en/the-danish-international-pea-picking-team/apply-for-a-job/22>

Temos máis información no blog Trabajarporelmundo.org:

<http://trabajarporelmundo.org/recoger-guisantes-a-dinamarca/>

#### 5.4.2.4. PAÍSES BAIXOS

Todas as ofertas de emprego concéntranse practicamente en [www.seasonalwork.nl](http://www.seasonalwork.nl), xestionada pola rede Eures. Débese preparar o currículo en inglés ou en holandés e subilo á páxina. Hai moita oferta na recollida de fresa e de espárragos.

- [www.seasonalwork.nl](http://www.seasonalwork.nl)
- [www.agrojobs.nl](http://www.agrojobs.nl)

### 5.4.2.5. SUÍZA

Existe a posibilidade de traballo de tempada en granxas de Suíza (traballo remunerado + aloxamento e comida). Hai moitas opcións e pódense buscar, entre outras, nas seguintes webs:

- <http://www.agriviva.ch/fr/>
- <http://www.agri-job.ch/de>
- <https://www.arbeit.swiss/seco/v/fr/home.html>

### 5.4.2.6. ALEMAÑA, FINLANDIA, NORUEGA E SUECIA

Nestes países tamén existe oferta para traballos agrícolas. Sobre todo nos países máis ao norte, a tempada é curta pero intensa e pódense atopar ofertas de emprego para plantacións, cultivo e recolleita de hortalizas, etc. A mellor maneira de atopar as ofertas é a través das páxinas dos servizos públicos de emprego e no portal Eures de cada país ou contactando directamente coas empresas. Ademais, temos as seguintes webs de interese:

- <https://www.nordjobb.org/en/>
- <http://www.pickingjobs.com/>

### 5.4.2.7. SERVIZOS DE EMPREGO DE CADA PAÍS

- Alemaña: [www.arbeitsagentur.de](http://www.arbeitsagentur.de)
- Austria: [www.ams.at](http://www.ams.at)
- Francia: [www.pole-emploi.fr/accueil](http://www.pole-emploi.fr/accueil)
- Irlanda: [www.welfare.ie/en/Pages/home.aspx](http://www.welfare.ie/en/Pages/home.aspx)

- Noruega: [www.nav.no](http://www.nav.no)
- Italia: [www.cliclavoro.gov.it/Pagine/default.aspx](http://www.cliclavoro.gov.it/Pagine/default.aspx)
- Malta: [www.etc.gov.mt/Index.aspx](http://www.etc.gov.mt/Index.aspx)

- Países Baixos:

[www.uwv.nl/Particulieren/internationaal/index.aspx](http://www.uwv.nl/Particulieren/internationaal/index.aspx)

- Reino Unido: [www.gov.uk/browse/working/finding-job](http://www.gov.uk/browse/working/finding-job)
- Suecia: [www.arbetsformedlingen.se/](http://www.arbetsformedlingen.se/)

### 5.4.3. TRABALLAR COMA AU-PAIR

Traballar coma *au-pair* é outro tipo de emprego temporal, dirixido a mozos e mozas, pero cunhas características especiais que fan que sexa diferente a outros empregos de carácter temporal. Significa vivir coma un membro máis dunha familia nun país estranxeiro, axudando nas tarefas domésticas e coidando os/as nenos/as da casa. A cambio, a familia ofrece aloxamento con pensión completa e diñeiro para gastos, incluíndo tamén seguridade social e cobertura sanitaria. É unha boa opción para coñecer outro país e o seu modo de vida e idioma. A mellor opción para atopar un traballo coma *au-pair* é a través de organizacións especializadas.

As principais condicións para traballar de *au-pair* son as seguintes:

- Dirixido a mozas e mozos de entre 18 e 24 anos, aínda que moitas axencias admiten ata os 30 anos.

- Non hai un período establecido, pode ser desde 2-3 meses ata 1 ano.
- É preciso ter un coñecemento mínimo do idioma do país.
- Non é necesaria experiencia, pero demostrar experiencia con nenos/as pode mellorar as posibilidades.
- Non é necesario carné de conducir, pero si mellorará as posibilidades.

#### 5.4.3.1. ONDE BUSCAR OFERTAS DE AU-PAIR?

- **IAPA** (Asociación internacional de *au-pair*): acceso a organizacións dedicadas a todos os aspectos dos programas *au-pair* e de intercambio cultural. <https://www.iapa.org/>
- **IAPO** (Organización internacional de *au-pair*): pon en contacto a familias con *au-pairs*. <http://www.au-pair.org/>
- **Au pair box**: este portal conta cunha selección de axencias *au-pair* cualificadas, cun chat e un foro para contar experiencias. <https://www.au-pair-box.com/>
- **Au pair search**: buscador mundial no que atopar familias, axencias, asesoramento e un foro de debate. <http://www.aupairsearch.com/>
- **Aupair world**: base de datos mundial de familias e *au-pairs*. <https://www.aupairworld.com/en>
- **Find au pair**: Contacto de *au-pairs* e familias de todo o mundo, foro, información de visados e enlaces a axencias. <https://www.findaupair.com/>

#### 5.4.3.2. OUTRAS WEBS ONDE BUSCAR OFERTAS AU-PAIR

Europa:

- [www.planetaupair.com](http://www.planetaupair.com)
- [www.aupairinternacional.com/findaupair.htm](http://www.aupairinternacional.com/findaupair.htm)

EEUU:

- [www.greataupair.com](http://www.greataupair.com)
- [www.empleo.gob.es/es/mundo/consejerias/eeuu/trabajar/contenidos/trabajojovenes.htm#aupair](http://www.empleo.gob.es/es/mundo/consejerias/eeuu/trabajar/contenidos/trabajojovenes.htm#aupair)

España:

- [www.planetaupair.com/aupairspain.htm](http://www.planetaupair.com/aupairspain.htm)
- [www.aupairinternacional.com/aupair.htm](http://www.aupairinternacional.com/aupair.htm)

#### 5.4.3.3. LEXISLACIÓN AU-PAIR

Acordo europeo sobre a colocación *au-pair*, publicado no BOE 214, de 6 de setembro de 1988, páx. 26700 a 26702:

[https://www.boe.es/diario\\_boe/txt.php?id=BOE-A-1988-21042](https://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-1988-21042)

#### 5.4.4. OUTROS EMPREGOS TEMPORAIS: CRUCEIROS E PARQUES TEMÁTICOS

Á parte dos anteriores, que son traballos temporais máis típicos, existen outras opcións de atopar oportunidades de emprego e que ao igual que a hostalaría, están moi ligadas ao turismo, como son o traballo nun cruceiro e o traballo en parques temáticos, cos diferentes postos que poden ofertar.

##### 5.4.4.1. TRABALLAR NUN CRUCEIRO

Para este tipo de emprego hai que ter en conta varias cousas antes de buscar ofertas, debido ás súas especiais condicións:

- Estarase varias semanas ou meses navegando sen pisar terra, polo que vives e traballas a bordo dun buque.
- As xornadas laborais serán de 7 días á semana.
- É necesario un alto nivel de inglés e incluso doutros idiomas.
- Moitas empresas non se rexen pola normativa europea.
- Ás veces esíxese formación marítima.
- Os postos de traballo están relacionados coa hostalaría, xestión hoteleira, relacións públicas, persoal sanitario, limpeza e mantemento, servizos de estética, etc.
- Os contratos adoitan ser por un período de entre 4 e 10 meses.

Para buscar ofertas o mellor é ir directamente ás compañías ou ás liñas de cruceiros, entre outras as seguintes:

- [www.windrosenetwork.com](http://www.windrosenetwork.com)
- [www.internationalservices.fr/en/cruise-lines/available-positions](http://www.internationalservices.fr/en/cruise-lines/available-positions)
- [www.connectjobs.de/onlinebewerbung.php](http://www.connectjobs.de/onlinebewerbung.php)
- [www.cruiseshipjob.com/mvc/applications/register](http://www.cruiseshipjob.com/mvc/applications/register)
- [www.cruiselinesjobs.com/esp](http://www.cruiselinesjobs.com/esp)
- [www.oscars.li](http://www.oscars.li)

Máis información na guía do SEPE *Trabajar en verano*:

[https://www.sepe.es/contenidos/que\\_es\\_el\\_sepe/publicaciones/pdf/pdf\\_empleo/trabajar\\_verano.pdf](https://www.sepe.es/contenidos/que_es_el_sepe/publicaciones/pdf/pdf_empleo/trabajar_verano.pdf)

#### 5.4.4.2. PARQUES ACUÁTICOS, PARQUES DE ATRACCIÓN E PARQUES TEMÁTICOS

Para atopar un emprego temporal, os parques de atraccións son unha das principais opcións, xa que contratan un bo número de persoas para diferentes postos necesarios para o seu funcionamento, tales coma:


Camareiros/as	Persoal de mantemento
Cociñeiros/as	Persoal para espectáculos
Persoal para despacho de billetes	Persoal de oficinas
Xardineiras/os	Socorristas
Empregados/as de tendas	Guías

A mellor opción para atopar ofertas é ir directamente á web de cada un deles. Existen ducias de parques en toda Europa, entre os que destacan:

- Futuroscope, Poitiers (Francia)
- Europa Park, Rust (Alemania)
- Disneyland Paris (Francia)
- Walt Disney Studios (Francia)
- Parque Tivoli, Copenhague (Dinamarca)
- Port Aventura, Tarragona (Cataluña)
- Dinópolis Teruel (Aragón)
- Parque de Asterix, Plailly (Francia)

## 6. OPORTUNIDADES PARA PERSOAS EMPREENDEDORAS

- Efteling, Kaatsheuvel (Holanda)
- Astrid Lindgren's World (Suecia)
- Liseberg, Gotemburg (Suecia)
- Gardaland, Castelnuovo del Garda (Italia)
- Warner Bros Studio Tour de Harry Potter (Inglaterra)
- Alton Towers, Staffordshire (Inglaterra)
- Grönlund, Estocolmo (Suecia)
- Thorpe Park, Surrey (Inglaterra)
- Duinrell Park, Wassenaar (Holanda)
- Playmobil Fun Park, Nüremberg (Alemaña)
- Parque Mirabilandia, Savio (Italia)
- Puy du fou (Francia)
- Aquaworld Budapest (Hungría)
- Blackpool Pleasure Beach (Reino Unido)
- Siam Park (Adeje, España)
- Etnaland (Belpasso, Italia)
- Zoomarine, Albufeira (Portugal)





Para aquelas persoas que desexan crear un negocio pola súa conta, existen tamén oportunidades e axudas para a aprendizaxe e intercambio de experiencias a modo de estancias en empresas no estranxeiro e incluso para a ampliación de estudos relacionados para o fomento da creación de empresas.

## 6.1. ERASMUS EMPRENDEDORES

É un programa de intercambios transnacionais que ofrece a emprendedores/as noveis e persoas que desexan crear unha empresa, a oportunidade de aprender de empresarios/as experimentados/as que dirixen pequenas empresas noutros países participantes. O intercambio de experiencias prodúcese no marco de estancias con empresarios/as experimentados/as, durante as cales os novos/as emprendedores/as poderán adquirir as habilidades necesarias para dirixir unha pequena ou mediana empresa. Os/as anfitrións/oas beneficianse dunha nova perspectiva sobre o seu negocio e adquiren a oportunidade de cooperar con socios/as estranxeiros/as ou coñecer novos mercados.

O Programa Erasmus para Mozos Emprendedores axuda ás persoas aspirantes a empresarias a adquirir as habilidades necesarias para crear e/ou dirixir con éxito unha pequena ou mediana empresa en Europa. Os/as novos/as emprendedores/as adquiren e intercambian coñecementos e ideas de negocio con empresarios/as experimentados/as cos/as que conviven e colaboran durante períodos de entre 1 e 6 meses. A estancia está parcialmente subvencionada pola Comisión Europea.

Máis información en:

<https://www.erasmus-entrepreneurs.eu/index.php?lan=es>

## 6.2. BOLSAS DA FUNDACIÓN RAFAEL DEL PINO

Esta fundación está orientada a impulsar a iniciativa individual, a liberdade de empresa e a fomentar a actividade emprendedora.

Ten un programa de bolsas que se chama **Programa de Becas de Excelencia Rafael del Pino** e que están destinadas a persoas graduadas, licenciadas e tituladas superiores para que amplíen a súa formación, tanto en España coma no exterior.

Máis información en: <https://frdelpino.es/category/02becas/>

# 7. A INVESTIGACIÓN NO ESTRANXEIRO



## 7.1. EURAXESS

A Rede EURAXESS apoia ás persoas investigadoras, independentemente da súa área de especialización, nacionalidade e/ou destino, en cuestións administrativas importantes á hora de realizar o seu traslado. Mediante o asesoramento sobre temas tales coma o financiamento europeo en I+D+i, tramitación de visados ou homologación de títulos, entre outros, preténdese facilitar o proceso de chegada e integración da persoa científica ao destino elixido para o desenvolvemento da súa carreira investigadora.

EURAXESS é unha iniciativa da Comisión Europea que conta con máis de 300 centros de apoio ao investigadores/as e 40 países adscritos. Actúa como instrumento de apoio para a consecución de obxectivos estratéxicos do Espazo Europeo de Investigación (ERA), como son a eliminación de barreiras á mobilidade e a atracción e retención de talento investigador cara a Europa. Para levar a cabo estes obxectivos conta cos seguintes instrumentos:

- EURAXESS Services: asesoramento en materia de mobilidade investigadora (trámites administrativos e requisitos legais).
- EURAXESS Jobs: publicación de ofertas de emprego en I+D+i pola entidade interesada, como a publicación de CC VV de persoas investigadoras.
- EURAXESS Rights: recomendacións da Comisión Europea para a atracción de talento investigador (Código de Conduta para a contratación de investigadores/as, Carta Europea do Investigador e Visado Científico).
- EURAXESS Links: conexión da comunidade investigadora europea a nivel mundial, acceso a foros, BBDD, boletíns informativos, alertas de correo, etc.

#### PARA MÁIS INFORMACIÓN

- <https://euraxess.ec.europa.eu/>
- <https://eshorizonte2020.es/que-es-horizonte-2020/horizonte-2020-en-espana/euraxess>

## 7.2. ACCIÓNS MARIE SKŁODOWSKA-CURIE (BOLSAS MARIE CURIE)

Promoven a mobilidade internacional e intersectorial que pon en práctica a excelencia na investigación, e cobren varias fases da carreira investigadora, desde a de persoas que están realizando doutorados ata a das persoas con maior percorrido neste campo.

Tipos de bolsas:

- Redes de investigación.
- Bolsas individuais.
- Intercambios de persoal de investigación e innovación.

#### REQUISITOS

Dado que se trata dunha bolsa de mobilidade, a persoa interesada debe estar realizando unha actividade investigadora previamente, en España ou noutro país da UE.

#### CONTIDO DA AXUDA

As bolsas para redes de investigación, cobren a contratación e a formación dos/as investigadores/as, por un período máximo de un ano, incluíndo os custos da investigación, así coma os custos derivados das xestións propias da investigación.

Por outra parte as bolsas individuais, cobren a estancia, os gastos de viaxe e familiares da persoa investigadora, así coma os gastos que se derivan da investigación.

En canto ás bolsas de intercambio de investigadores/as internacionais, cobren os gastos de traslado, aloxamento (propio e de familiares), así coma os gastos que ocasiona a investigación en si.

#### DURACIÓN

De 3 a 5 anos

#### COMO SOLICITALA

A solicitude preséntaa de maneira conxunta a institución de acollida (universidade), cun profesor ou profesora que desempeña a tarefa de supervisión, e o investigador ou a investigadora que quere traballar no seo dun laboratorio ou grupo de investigación.

#### PARA MÁIS INFORMACIÓN

- <https://www.becasestudio.es/becas-marie-curie/>
- <https://beca.kim/marie-curie/>
- <https://ec.europa.eu/research/mariecurieactions/>

## 7.3. OUTRAS

### 7.3.1. OBRA SOCIAL LA CAIXA

Ten varias liñas de axudas destinadas á mobilidade para realizar posgraos, doutorados e posdoutorados, e convocan numerosas bolsas para formarse en universidades e centros de investigación de España, Portugal, o resto de Europa, América do Norte e a zona de Asia–Pacífico:

- **Posgrao en Europa e posgrao en América do Norte e Asia–Pacífico, dirixidas** a estudantes españois e portugueses que desexen cursar estudos de posgrao no estranxeiro.
- **Doutorado INPhINIT *Incoming*, dirixidas** a investigadores/as de todas as nacionalidades que desexen cursar un

doutorado en centros de investigación de excelencia de España ou Portugal.

- **Doutorado INPhINIT Retaining, dirixidas** a investigadores/as de todas as nacionalidades que desexen cursar un doutorado en calquera universidade ou centro de investigación de España ou Portugal.
- **Posdoutorado Júnior Leader Incoming, dirixida** a investigadores/as de todas as nacionalidades, para realizar a súa investigación posdoutoral en centros de investigación de excelencia de España ou Portugal.
- **Posdoutorado Júnior Leader Retaining, dirixidas** a investigadores/as de todas as nacionalidades, para realizar a súa investigación posdoutoral en calquera universidade ou centro de investigación de España ou Portugal.

Toda a información en: <https://obrasociallacaixa.org/es/investigacion-y-becas/becas-de-la-caixa/informacion-general>

### 7.3.2. BOLSAS BANCO SANTANDER

Tamén existen bolsas desta entidade dirixidas á mobilidade para persoas que se dedican á investigación:

<https://www.becas-santander.com/es/program/search?type=research>

### 7.3.3. FUNDACIÓN GALICIA EUROPA E GAIN

A Fundación Galicia Europa (FGE) convoca, en colaboración coa Axencia Galega de Innovación (GAIN), unha bolsa para a formación en materia de políticas e programas europeos no ámbito da innovación e a investigación destinada a titulados superiores universitarios.

A bolsa terá unha duración dun ano e desenvolverase na oficina da FGE en Bruxelas. Tamén existe a posibilidade de que a persoa seleccionada realice breves períodos formativos nas dependencias de GAIN en Santiago de Compostela.

O obxectivo da bolsa é a adquisición de coñecementos prácticos sobre políticas comunitarias relacionadas coa innovación e a investigación, a identificación das convocatorias e a participación nas reunións das redes de cooperación rexional nas que participa a Xunta de Galicia para promover a participación galega en iniciativas de I+D+i.

Máis información:

[http://www.fundaciongaliciaeuropa.eu/tipo2\\_ver.asp?idSeccion=8&idTema=326&idNoticia=2802](http://www.fundaciongaliciaeuropa.eu/tipo2_ver.asp?idSeccion=8&idTema=326&idNoticia=2802)

### 7.3.4. FUNDACIÓN ALFONSO MARTÍN ESCUDERO

Liña de axudas á formación de investigadoras, que facilitan a súa estancia en centros de estudo ou de investigación no estranxeiro.

Máis información en:

<http://www.fundame.org/becas-de-investigacion-2/>

## 8. VOLUNTARIADO EN EUROPA E OUTROS LUGARES



Ademais das oportunidades de mobilidade ligadas a contratos de traballo ou das bolsas de estudos ou prácticas en empresa, existen outras alternativas que nos permiten viaxar a outro país, coñecer culturas, idiomas, maneiras de pensar, vivir e traballar diferentes ás que xa coñecemos... Incluso aprender oficios, aumentar coñecementos sobre calquera tema e en definitiva, a medrar coma persoa, a través de voluntariados no estranxeiro. Existen varios organismos e proxectos que ofrecen diversas oportunidades neste sentido.

### 8.1. CORPO EUROPEO DE SOLIDARIEDADE

Proxecto dirixido a persoas de entre 18 e 30 anos. O obxectivo é crear oportunidades para que mozas e mozos traballen coma voluntarias ou colaboren en proxectos, nos seus países ou noutros, que beneficien a comunidades e cidadáns de toda Europa. As persoas participantes deberán cumprir unha serie de obxectivos e principios básicos.

Logo de inscribirse, entran nun proceso de selección de participantes, que poderán incorporarse a diversos proxectos relacionados, por exemplo, coa axuda á prevención de catástrofes naturais ou posterior reconstrución, a asistencia en centros de acollida de solicitantes de asilo ou outros problemas de tipo social.

Os proxectos terán unha duración comprendida entre 2 meses e 1 ano e, en xeral, desenvolveranse dentro dos estados membros da Unión Europea.

O obxectivo do Corpo Europeo de Solidariedade é atraer á xuventude para construír entre todas/os unha sociedade máis integradora, apoiando as persoas vulnerables e respondendo aos retos sociais. Ofrece unha experiencia estimulante e enriquecedora para persoas que desexen axudar, aprender e medrar.

Existen diferentes tipos de actividade, desde voluntariados (con aloxamento e comida garantidos) ata prácticas ou emprego

remunerado. Algúns exemplos das tarefas que se han desenvolver nos proxectos son:

- Axudar a reconstruír escolas ou centros sociais destruídos por un terremoto.
- Dar asistencia a solicitantes de asilo recentemente chegados.
- Limpar montes para evitar incendios.
- Traballar con persoas discapacitadas en centros sociais.

Máis información no Portal Europeo da Xuventude da Comisión Europea, no seguinte enlace:

[https://europa.eu/youth/SOLidarity\\_es](https://europa.eu/youth/SOLidarity_es)

## 8.2. SERVIZO DE VOLUNTARIADO EUROPEO

Ou SVE (Servizo Voluntario Europeo) é un programa de voluntariado internacional financiado pola Comisión Europea. Permite a todos/as os/as mozos e mozas legalmente residentes en Europa, con idades comprendidas entre 17 e 30 anos, realizar un servizo voluntario internacional nunha organización ou nun organismo público en Europa, África, Asia ou América do Sur por un período de 2 a 12 meses. Proporciona o reembolso dos gastos de viaxe e a cobertura completa dos custos de alimentos e aloxamento para o voluntario internacional. Grazas á dimensión intercultural e o seu enfoque non formal, o Servizo Voluntario Europeo é unha oportunidade para entrar en contacto con culturas diferentes e

adquirir novas habilidades útiles para o crecemento persoal e profesional.

O Servizo Voluntario Europeo propón proxectos en diferentes áreas:

- Cultura, mobilidade internacional, deportes, atención social para maiores, persoas discapacitadas e inmigrantes, arte, ocio, medios de comunicación, protección e educación ambiental, desenvolvemento rural e cooperación para o desenvolvemento.

O programa cobre os seguintes gastos, financiados pola Comisión Europea:

- Gastos de viaxe, aloxamento e alimentación.
- Gastos de transporte local.
- Seguro de saúde.
- Clases de idiomas.
- Asignación mensual.

A organización que envía faise responsable da preparación do voluntario antes da saída. Informa sobre os procedementos de busca de proxectos do SVE, encárgase da formación previa á partida e do seguimento das persoas voluntarias a distancia durante a súa estancia no estranxeiro e ao seu regreso. A persoa voluntaria traballará 5 días de 7 cun máximo de 40 horas por semana e terá 2 días de vacacións por mes (acumulativo). Está obrigada a participar na formación previa á saída, á chegada e capacitación a medio prazo, e debe cumprir coas directrices da organización anfitroia que realiza as tarefas específicas no proxecto de voluntariado.

Normalmente **non se esixe que as persoas candidatas teñen ningunha cualificación**, formación ou experiencia específica. Só en casos especiais (debidamente xustificadas segundo as tarefas que ha realizar o voluntariado) se permite seleccionar candidatos/as cunha experiencia específica.

Para máis información:

<https://serviciovoluntarioeuropeo.org/>

## 8.3. OUTRAS

Existen moitas outras organizacións de acción voluntaria en Europa e o resto do mundo. Pódense atopar moitas oportunidades na web <https://www.hacesfalta.org>

### 8.3.1. ENXEÑERÍA SEN FRONTEIRAS

ESF Galicia é unha asociación independente sen ánimo de lucro baseada no voluntariado, que busca construír unha sociedade mundial xusta e solidaria mediante a Cooperación para o Desenvolvemento e poñendo a tecnoloxía ao servizo do desenvolvemento humano. Non é preciso ter estudos de enxeñería para participar e colaborar con ESF, así que calquera persoa pode ter algo que achegar neste campo, tanto os/as profesionais da socioloxía, da economía, do ensino... ou sen estudos universitarios. Abonda con ter unha conciencia crítica e gana de investir unha pequena parte do noso tempo. ESF Galicia basea as súas liñas de traballo sobre tres piares fundamentais:

- Educación para o Desenvolvemento (EpD)
- Sensibilización
- Proxectos Internacionais de Cooperación para o Desenvolvemento (PICD)

Os seis grandes temas de traballo en ESF Galicia:

- Reflexión sobre o concepto de tecnoloxía para o desenvolvemento humano, tecnoloxía para a emancipación e o ben común.
- Promoción do dereito humano á auga.
- Promoción do dereito á alimentación con enfoque de soberanía alimentaria.
- Promoción do dereito á enerxía con enfoque de soberanía enerxética.
- Promoción do dereito á información e comunicacións con enfoque de soberanía dixital.
- Visibilización doutras realidades globais e como se relacionan coa do noso contorno.

Máis información en <https://galicia.isf.es/>

### 8.3.2. SERVIZO CIVIL INTERNACIONAL

SCI é un movemento laico de voluntariado presente en máis de 60 países do mundo. Promove campos de voluntariado internacional e actividades de sensibilización sobre a paz, o entendemento e a preservación do medio. SCI organiza campos de voluntariado por todo o mundo con temática social, cultural ou medioambiental, e na actualidade ten máis de 1.200 destes campos repartidos nos cinco continentes, o que facilita a participación anual de máis de 5.000 persoas voluntarias de todo o mundo. O labor fundamental é poñer en contacto a persoas de todo o mundo que desexen realizar un campo de voluntariado e entidades lo-

cais que queiran organizar un campo de voluntariado recibindo un grupo de persoas que colabore nas súas actividades.

Máis información en <https://ongsci.org/>

### 8.3.3. VOLUNTARIOS ONU

Programa de voluntarios das nacións unidas: esta iniciativa pon en contacto ás persoas que desexan ofrecer o seu tempo, coñecementos ou experiencia coas organizacións de cooperación ao desenvolvemento e acción humanitaria que necesitan persoas voluntarias para realizar determinadas tarefas en determinados países.

Máis información en:

<https://www.unv.org/es>

<https://www.unv.org/es/door-pages/voluntarios-de-las-naciones-unidas>

<https://www.unicef.es/noticias/>

voluntariado-internacional-con-unicef-como-funciona

### 8.3.4. ONG VOLUNTARIADO

Traballan para promover o desenvolvemento de iniciativas solidarias mediante a realización de programas de voluntariado internacional e recadación de fondos para destinalos a colectivos máis necesitados. Ofrecen a persoas con inquedanzas solidarias a oportunidade de vivir unha experiencia diferente e enriquecedora a nivel persoal, polo que facilita a vivencia de experiencias culturais, a colaboración en contornas que non dispoñen de recursos e que requiren de voluntariado para poder medrar.

Neste sentido ofrece diversos programas de voluntariado internacional en diferentes países de Latinoamérica (Guatemala, Nicaragua, Perú, México, Costa Rica), en África e na India, cunha variada tipoloxía de proxectos (ONG's, escolas, fundacións, orfanatos...) relacionados coa educación, educación especial, bebés e idades temperás, conservación do medio e animais, sociosanitarios e outros.

Para máis información: <https://www.ongvoluntariado.org/>



## 9. OUTRAS OPORTUNIDADES NO ESTRANXEIRO: WORKAWAY, WOOFING, HELPX



A medio camiño entre o emprego e o voluntariado, existen outras formas de ter unha oportunidade no estranxeiro para aprender/practicar un idioma, coñecer outras culturas e desenvolver un oficio nunha estancia temporal que pode ser desde unhas semanas ata varios meses. Trátase de plataformas ou redes que promoven un intercambio de manutención e aloxamento por algunhas horas de traballo. Adoitan ser traballos na agricultura, en granxas, mantemento de xardíns, hostais e incluso traballos similares aos de *au-pair* (coidado de nenos/as e labores do fogar) e pódese concibir coma unha especie de voluntariado. En xeral, a diferenza do *au-pair*, non existe contrato, nin salario, nin seguros sociais, polo que non se trata dun emprego, aínda que si que existe unha remuneración “en especie” a cambio de traballo, como poden ser o aloxamento e comida gratuítos e nalgúns casos o uso e desfrute de instalacións e actividades.

Para moita xente, conseguir un emprego no estranxeiro é unha tarefa difícil debido a diversos factores (idiomas, cualificacións, medo a emigrar...). Neste caso, en principio non é necesaria ningunha titulación nin saber ningún idioma, aínda que ter unhas nocións da lingua local ou de inglés resultará de gran utilidade. Por isto, o workay, o woofing ou o helpx poden ser unha boa opción para vivir unha experiencia, abrir portas e adquirir coñecementos e competencias para mellorar o noso currículo.

### 9.1. WORKAWAY

Workaway.info é unha páxina creada para promover un intercambio entre persoas que ofrecen o seu traballo e persoas que ofrecen aloxamento e manutención. As persoas que ofrecen o seu traballo poden ser viaxeiros/as, estudantes de idiomas, xente que quere vivir unha experiencia noutro país, persoas que queren aprender un oficio concreto, afeccionados a coñecer novas culturas e países... ao mesmo tempo que colaboran no traballo dunha explotación, negocio familiar, etc. Como contrapartida, as/os

propietarias/os do negocio ou organización ofrecen casa e comida durante todo o tempo de estancia no lugar. Tamén se fomentan os postos de traballo remunerados para os anfitrións/oas que necesitan máis axuda nos seus proxectos.

Desta maneira, Workaway.info ten unha base de datos de familias, individuos ou organizacións de distintos países que se rexistraron en workaway e que buscan persoas voluntarias que lles axuden nunha gran variedade de campos, xa sexa en plantacións, construción, coidar nenos/as... Hoxe en día conta con máis de 30.000 anfitrións en 184 países.

Máis información en: <https://www.workaway.info/index-es.html>

## 9.2. WOOFING

É moi similar ao workaway, pero neste caso céntrase no traballo na agricultura. World Wide Opportunities in Organic Farms (WWOOF) é un movemento mundial que une persoas voluntarias con agricultores/as orgánicos e produtores/as para promover as experiencias culturais e educativas baseadas na confianza e nos intercambios non monetarios, co fin de axudar a construír unha comunidade global sostible. Así, o wwoof é un intercambio: a cambio da axuda de persoas voluntarias, os anfitrións ofrecen comida, aloxamento e a oportunidade de aprender sobre os estilos de vida orgánicos. O tipo de traballo, aínda que maiormente é de carácter agrícola, non sempre está relacionado co campo, senón que hai outras opcións e dependerá sempre das necesidades particulares da granxa: ás veces pódese traballar en coñía, ou elaborando produtos artesanais, recolección, traballo con animais, xardinaría, traballo con nenos/as, recepción, etc.

Este portal web (<https://wwoof.es/>) vincula persoas que queren ser voluntarias en granxas cos/as propietarios/as destas. Publica ademais listas de granxas orgánicas, pequenas propiedades e xardineiros/as que necesitan a axuda de voluntariado en determinados momentos.

Máis información en:

<https://wwoof.es/>

<https://trabajarporelmundo.org/wwoofing-la-forma-ideal-para-adquirir-conocimientos-y-competencias-en-tu-cv/>

## 9.3. HELPX

Ao igual que as anteriores, HelpX (Help Exchange) é unha rede de voluntariado na que se intercambia tempo de traballo por aloxamento e comida gratuítos. Esta rede ten infinidade de ofertas en países europeos (Inglaterra, Francia, Grecia, España, Finlandia, Francia, Irlanda, Alemaña...), Australia, Nova Zelandia ou Canadá, entre outros. O traballos poden ser desde empregos en granxas, cortes, hostais, albergues... Ofrece moitas opcións en moitos lugares, incluíndo cidades coma Nova York ou Londres e, a cambio dunhas horas de traballo, ofrécese aloxamento e comida, e incluso outras actividades coma o desfrute de actividades tipo kaiak, bicicleta, clases de ioga... de xeito gratuítos.

Aquelas persoas que queiran participar coma voluntarias deben rexistrarse na rede, na cal se ofrece contacto con outras persoas, contacto con empregadores/as, listaxes, breves descrições...

Máis información en: <https://www.helpx.net/>

## 10. BIBLIOGRAFÍA



*Listo para dar el paso?* (2014). Comisión Europea – Oficina de Publicaciones. Luxemburgo.

Disponible na web en:

<https://op.europa.eu/es/publication-detail/-/publication/45311b18-8edd-4809-8580-48ad02cfb867>

*La búsqueda de trabajo en Europa* (2013). Comisión Europea – Oficina de Publicaciones. Luxemburgo. Disponible na web en:

<https://op.europa.eu/es/publication-detail/-/publication/06060bfc-7abc-467e-b286-a8ceebfb6d70>

*Trabajar en verano* (2019). Servicio Público de Empleo Estatal. Madrid. Disponible na web en:

<https://www.sepe.es/HomeSepe/que-es-el-sepe/comunicacion-institucional/publicaciones/publicaciones-oficiales/listado-pub-eures/trabajar-verano>

*Guía de emprego no estranxeiro* (2015). Axencia Local de Colocación de Santiago de Compostela. Disponible na web en:

<https://axencialocaldecolocacion.org/recursos>

Milena, G. (7/2/2020) *Las 18 mejores becas y ayudas para estudiantes en 2020*. Empleo Márketing. Disponible na web en:

<https://empleomarketing.com/becas-ayudas-para-estudiantes/>

Páxinas web consultadas entre xaneiro e novembro de 2019:

Servizo Público de Emrego Estatal. EURES: encontrar empleo en Europa

<https://www.sepe.es/HomeSepe/Personas/encontrar-trabajo/empleo-europa.html>

Ministerio de Educación e FP. Becas y ayudas para estudiantes.

<http://www.educacionyfp.gob.es/servicios-al-ciudadano/catalogo/estudiantes/becas-ayudas.html>

Ministerio de Asuntos Exteriores. Oportunidades profesionales y de formación.

<http://www.exteriores.gob.es/Portal/es/ServiciosAlCiudadano/OportunidadesProfesionalesFormacion/Paginas/Inicio.aspx>

Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE).

<http://sepie.es/formacion-profesional/index.html>

- Erasmus+. Guía del programa.  
[https://ec.europa.eu/programmes/erasmus-plus/resources/documents/erasmus-programme-guide-2019\\_es](https://ec.europa.eu/programmes/erasmus-plus/resources/documents/erasmus-programme-guide-2019_es)
- Erasmus +. El Programa Europeo de Educación, Formación, Juventud y Deporte 2014 – 2020.  
<http://www.erasmusplus.gob.es/>
- Universidade de Santiago de Compostela. SICUE–SÉNECA.  
<http://www.usc.es/es/perfis/internacional/programas/sicue/>
- CRUE universidades españolas.  
<https://www.crue.org/>
- Infoempleo. Ofertas de trabajo en el extranjero.  
<https://www.infoempleo.com/ofertas-internacionales/>
- Universidade de Santiago de Compostela. Programas de movilidad.  
<https://www.usc.gal/es/perfis/internacional/mobildade/>
- Universidade da Coruña. Mobilidade.  
<https://www.udc.es/es/eup/mobildade/>
- Universidade de Vigo. Mobilidade.  
<https://www.uvigo.gal/estudar/mobildade>
- O portal da lingua galega.  
<http://www.lingua.gal/portada>
- Portal da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.  
<http://www.edu.xunta.gal/portal/>
- Fundación Galicia–Europa. Euroxuventude.  
<http://www.fundaciongaliciaeuropa.eu/>
- Xuventude.net. Galeuropa.  
<http://xuventude.xunta.es/programas-eu/galeuropa>
- Eures: Portal da mobilidade profesional.  
<https://ec.europa.eu/eures/public/es/homepage>
- Portal europeo de la juventud. Información y oportunidades para los jóvenes en Europa.  
[https://europa.eu/youth/EU\\_es](https://europa.eu/youth/EU_es)
- Europa.eu. Web oficial da Unión Europea.  
[https://europa.eu/european-union/index\\_es](https://europa.eu/european-union/index_es)
- EURAXESS.  
<https://euraxess.ec.europa.eu/>
- Eshorizonte 2020. Portal español del programa marco de investigación e innovación de la UE.  
<https://eshorizonte2020.es/que-es-horizonte-2020/horizonte-2020-en-espana/euraxess>
- MeVoyalmundo.com. Trabajar, estudiar, vivir en el extranjero.  
<https://mevoyalmundo.com/>
- Trabajar por el mundo.  
<https://trabajarporelmundo.org/>
- Ticket2europe.  
<https://ticket2europe.eu/>
- Eurodyssee. Ofertas de prácticas: ¿cuál es la oferta más adecuada para ti?  
<http://www.eurodyssee.eu/es/traineeship-offers/backend/ofertas-de-practicas.html>
- Becasestudio.es. Ayudas para estudiantes.  
<https://www.becasestudio.es/>
- Banco Santander. Becas.  
<https://www.bancosantander.es/es/universidades/educacion>
- Fundación la Caixa. Educación y becas.  
<https://obrasociallacaixa.org/es/home>
- Fundación Rafael del Pino. Becas.  
<https://frdelpino.es/categoria-beca/becas/>
- Programa de Becas Fundación Amancio Ortega.  
<https://becas.faortega.org/>
- Fullright España. Programas y convocatorias de becas.  
<https://fulbright.es/>
- Compostela grupo de universidades. Stella Junior. Programa de movilidad para estudiantes.  
<http://web.gcompostela.org/es/stella-junior-3>
- Fundación ICO. Beca de museografía.  
<http://www.fundacionico.es/arte/actividades-educativas/museografia/>
- Fundación ICO. Programa Fundación ICO – Becas China.  
<http://www.fundacionico.es/internacional-formacion/programa-fundacion-ico-becas-china/>
- Fundación Carolina. Becas – Programa de formación.  
<https://www.fundacioncarolina.es/formacion/presentacion/>

Fundación Alfonso Martín Escudero. Becas de investigación.

<http://www.fundame.org/becas-de-investigacion-2/>

Eurolingua. Venairlanda.

<https://www.venairlanda.com/>

Workaway.info.

<https://www.workaway.info/index-es.html>

Woof.net.

<https://wwoof.net/>

Helpx.net

<https://www.helpx.net/>

Aupair.com

<https://www.aupair.com/es>

Servicio de Voluntariado Europeo.

<https://serviciovoluntarioeuropeo.org/>

Axencia Española de Cooperación Internacional.

<http://www.aecid.es/EN>

Servizo Civil Internacional.

<https://ongsci.org/>

Naciones Unidas.

<https://www.unicef.es/noticias/>

[voluntariado-internacional-con-unicef-como-funciona](#)

ONG Voluntariado.

<https://www.ongvoluntariado.org/>

Enxeñería sen fronteiras.

<https://galicia.isf.es/>

Voluntariado internacional con UNICEF: ¿Cómo funciona?

<https://www.unicef.es/noticias/>

[voluntariado-internacional-con-unicef-como-funciona](#)

Voluntariadogalego.org

<https://voluntariadogalego.org/>



# ORIENTACIÓN LABORAL

